

43 MITCFC

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS



Desenho: Yaiza Santomé

21 AO 05
XUÑO XULLO
— 2026 —



TAQUILLA



ÍNDICE

- 02. PROGRAMA
- 03. TAQUILLA
- 04. PRESENTACIÓN
- 05. TEATRO NO AUDITORIO
- 15. ESPAZOS ALTERNATIVOS
- 21. TEATRO NA RÚA
- 26. MOSTRA COMUNITARIA
- 31. XXVI XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN
- 36. EVENTOS

ORGANIZACIÓN

Dirección Artística e Mulleres en Acción: María Armesto
Dirección de Producción: Salvador del Río
Actividades Paralelas e Formación: Silda Alfaro
Teatro Amador: Xoan Carlos Riobó
Xestión MITCFC: María Xosé Mariño "Che"
Comunicación: Clara Castilla
Fotografía: Diego Seixo
Crítica: Ana Abad de la Riva e Ana R. Figueiredo

Técnicos Municipais:

Técnico de Cultura: Mar Núñez
Director Auditorio Municipal: Juan José Pérez
Directora do CIM: Paula Tenorio

ASISTENCIA TÉCNICA

Ningures Producción SL:

Héctor Pazos
Serafín Piñeiro

Auditorio Municipal

Paco Alfaro
Andrés Otero

ENTIDADES

Entidades Organizadoras:

A.C. Xiria
Ilmo. Concello de Cangas
Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas
Ningures Producción S.L.

Entidades Patrocinadoras:

Ilmo. Concello de Cangas
Xunta de Galiza, AGADIC
Frigoríficos del Morrazo
Excm. Deputación de Pontevedra

DESEÑO E EDICIÓN

Cartel: Yaiza Santomé
Deseño gráfico e web: Diego Seixo
Edita: MITCFC, 2026



PROGRAMACIÓN

XOVES, 04 DE XUÑO

21:00 AUDITORIO MUNICIPAL
TARTUFO · GRUPO DE TEATRO DO CAMPUS DE PONTEVEDRA

VENRES, 05 DE XUÑO

19:30 SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
FÍOS E FLORES · INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN, ATA O 5 DE XULLO

XOVES, 11 DE XUÑO

21:00 AUDITORIO MUNICIPAL
MACBETH · AULA DE TEATRO DO CAMPUS DE VIGO

VENRES, 12 DE XUÑO

19:30 VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL
40 ANOS EN NINGURES · INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN

MARTES, 16 DE XUÑO

17:00 SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
O AUTOCOIDADO DENDE O CORPO · Mª TERESA CAMPOS GÓMEZ | ADICAM

VENRES, 19 DE XUÑO

19:30 LIBRARÍA WELLS
MONOGRÁFICO SOBRE JOSEFINA BLANCO TEJERINA · FORO GALICIA E VALLE-INCLÁN

SÁBADO, 20 DE XUÑO

20:00 ALAMEDA VELLA DE CANGAS
FEGATEA NA MITCFC · FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECIONADO

DOMINGO, 21 DE XUÑO

20:00 ALAMEDA VELLA DE CANGAS
O BUSCADOR DE ILLAS · TEATRO DE NINGURES

LUNS, 22 DE XUÑO

19:00 SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
OS DE FREIXO · DOA SAÚDE MENTAL
20:15 VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL
MOSTRA FIN DE CURSO ALUMNADO OBRADOIRO CORPO · ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS
21:00 AUDITORIO MUNICIPAL
MOSTRA OBRADOIRO DE ESCRITA E DIRECCIÓN TEATRAL · ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS

MÉRCORES, 24 DE XUÑO

17:00 BIBLIOTECA PÚBLICA CENTRAL DE CANGAS
VISITAS FONDO TEATRAL MARÍA CASARES
19:30 SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
O ARCÓN DE NOA · AMARELO CÍA
21:00 AUDITORIO MUNICIPAL
PREGÓN 43 MITCFC · NOEMI RODRÍGUEZ
EL PEOR ESPECTÁCULO DEL MUNDO... DE MOMENTO! · ZANGUANGO TEATRO

XOVES, 25 DE XUÑO

10:00 CENTRO SOCIAL DE CANGAS
FAI O TEU OBRADOIRO · NOEMI RODRÍGUEZ, ATA O 28 DE XUÑO
17:00 BIBLIOTECA PÚBLICA CENTRAL DE CANGAS
VISITAS FONDO TEATRAL MARÍA CASARES
20:00 ALAMEDA VELLA DE CANGAS
SHEREZADE, ALADINO E OS TRES BEDUINOS · TEATRO GHAZAFELHOS
20:00 SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
ESTO QUE NO SALGA DE AQUÍ · PABLO FIDALGO
22:00 AUDITORIO MUNICIPAL
ENSAIO TÉCNICO · COLECTIVO 84

VENRES, 26 DE XUÑO

20:00 CRUCEIRO DO HÍO
SHEREZADE, ALADINO E OS TRES BEDUINOS · TEATRO GHAZAFELHOS
20:00 ALAMEDA VELLA DE CANGAS
TAVOLE · ZIRKO TXOSKO
20:00 CAPELA DO HOSPITAL
NELA ESTABA A FORZA DO MAR · ANA ABAD DE LARRIVA
22:00 AUDITORIO MUNICIPAL
LA LOCA HISTORIA DEL SIGLO DE ORO · LA ESCALERA DE TIJERA & Z TEATRO

SÁBADO, 27 DE XUÑO

20:00 ALAMEDA VELLA DE CANGAS
CRUNCH 2! · MUU
20:30 VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL
ENFIANDO OS RETRINCOS DO CAMIÑO · TEATRO DE NINGURES
22:00 AUDITORIO MUNICIPAL
CAPERUCITA EN MANHATTAN · TEATRO DE LA ABADÍA

DOMINGO, 28 DE XUÑO

20:00 PORTO DE ALDÁN

O BUSCADOR DE ILLAS · TEATRO DE NINGURES

20:00 O ADRO TABERNA CULTURAL

METODOLOXÍAS CARROÑERAS PARA CORPOS INVERTIDOS · VACABURRA

20:00 ALAMEDA VELLA DE CANGAS

5.0 · SUE MORENO

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL

CARIÑO MALO · MINISTERIO DE LA BELLEZA

LUNS, 29 DE XUÑO

20:00 SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

A TEMPESTADE · LUZAZUL DO CONCELLO DE CANGAS

21:00 VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

FROUMA · MOSTRA OBRADOIRO DE INTERPRETACIÓN ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL

ÓPERA PÁNICA · ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS

MARTES, 30 DE XUÑO

17:00 ALAMEDA VELLA DE CANGAS

UN MAR DE XOGOS · BICO DE TOUPA

22:00 O ADRO TABERNA CULTURAL

X TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MÉRCORES, 01 DE XULLO

19:00 O ADRO TABERNA CULTURAL

PRESENTACIÓN DO NÚMERO 111 DA ERREGUETÉ

CONVERSAS A PARTIR DO MESTRE: MANOLO LOURENZO · BUTACA ZERO

20:00 CRUCEIRO DO HÍO

MÁIS SAAABOR! · CULTURACTIVA PRODUCCIÓN

XOVES, 02 DE XULLO

16:30 SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS

ENCONTRO TEATRO COMUNITARIO

20:00 ALAMEDA VELLA DE CANGAS

MÁIS SAAABOR! · CULTURACTIVA PRODUCCIÓN

20:00 SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

SUITE RONSEL 25 · TEATRO EN PUNTO

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL

UBASUTE · BERROBAMBÁN

VENRES, 03 DE XULLO

19:00 O ADRO TABERNA CULTURAL

SAÚDE, PRACER, REPÚBLICA E TERRA MALVA · UTE-PIÁS FEMINISTAS

PRESENTACIÓN LA FOSA ABIERTA · BRIGITTE VASALLO

20:00 ALAMEDA VELLA DE CANGAS

ÑIQUÍNAQUE · ESPECTÁCULOS VALENTE

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2026 · A UTE-PIÁS FEMINISTAS

THE ONE & THE ONE · COLETTE GOMETTE & ANNA DE LIRIUM

SÁBADO, 04 DE XULLO

19:30 SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

QUEIXA (ROMA OU MORTE) · BRIGITTE VASALLO

20:00 ADRO DE DARBO

ÑIQUÍNAQUE · ESPECTÁCULOS VALENTE

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL 2026 · A ANTONIO DURÁN "MORRIS"

HOY TENGO ALGO QUE HACER · TEATRO DEL BARRIO

24:00 O ADRO TABERNA CULTURAL

EXIT · IRIA PINHEIRO & MANUEL GUTIÉRREZ

DOMINGO, 05 DE XULLO

19:00 COMERCIO SON DA TERRA

VOSTEDE, QUE QUERE? · TEATRO EN PUNTO

21:00 AUDITORIO MUNICIPAL

VIVA! · LA LOQUACE CIE

OUTUBRO - NOVEMBRO 2026

2033 MÓSTRATEME: A MOSTRA TEN MEMORIA · MITCFC

PRESENTACIÓN MMAA: 25 AÑOS EN ACCIÓN · MULLERES EN ACCIÓN

TAQUILLA

VENDA DE LOCALIDADES

www.mostrateatrocangas.gal (Sen gastos de xestión para o público).

Recoméndase e prégase a compra online de localidades (sen gastos nin comisións), por comodidade para o público e para axilizar a entrada ao Auditorio.

VENDA DE ABONOS

www.mostrateatrocangas.gal

Do 09 ao 31 de maio.

PREZO DO ABONO: 80€.

Están incluídos no abono os seguintes espectáculos:

- 24 de xuño. EL PEOR ESPECTÁCULO DEL MUNDO de ZANGUANGO
- 25 de xuño. ENSAIO TÉCNICO de COLECTIVO 84
- 26 de xuño. LA LOCA HISTORIA DEL SIGLO DE ORO de LA ESCALERA de TIJERA & Z TEATRO
- 27 de xuño. CAPERUCITA EN MANHATTAN de TEATRO DE LA ABADÍA
- 28 de xuño. CARIÑO MALO de EL MINISTERIO DE LA BELLEZA
- 02 de xullo. UBASUTE de BERROBAMBÁN
- 03 de xullo. THE ONE & THE ONE de COLETTE GOMETTE & ANNA DE LIRIUM
- 04 de xullo. HOY TENGO ALGO QUE HACER de TEATRO DEL BARRIO
- 05 de xullo. VIVA! UNE HISTOIRE ESPAGNOLE de Cie LA LOQUACE

A adquisición do abono conta coas seguintes vantaxes:

- Entradas para 9 espectáculos programados na Sala – Teatro do Auditorio.
- Desconto de 10€ sobre o importe da suma das 10 entradas.
- A adquisición do abono garante a entrada sen colas no despacho de billetes para os espectáculos incluídos no abono.
- Permite elixir as butacas mellor situadas. A persoa beneficiaria do abono disporá da mesma butaca durante toda a MITCFC.

*Non están incluídos no abono os demais espectáculos programados.

VENDA ANTICIPADA

www.mostrateatrocangas.gal

Do 3 de xuño ata o inicio do espectáculo.

(Sen gastos de xestión para o público).

VENDA NO DESPACHO DE BILLETES DO AUDITORIO

2 horas antes do comezo da función.

Aviso: Póñense á venda as entradas sobrantes, se as houbera, da venda anticipada.

PREZOS DAS ENTRADAS*

Prezo dos espectáculos programados na SALA – TEATRO DO AUDITORIO: 10€.

Agás os espectáculos:

- 29 de xuño. ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS. (5€).

Prezo dos espectáculos programados na SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO: 5€.

- 25 de xuño ESTO QUE NO SALGA DE AQUÍ de PABLO FIDALGO LAREO
- 02 de xullo. RONSEL 25 de TEATRO EN PUNTO
- 03 de xullo. O ARCÓN DE LOLA de AMARELO
- 04 de xullo. QUEIXA de BRIGITTE VASALLO

Prezo dos espectáculos programados na CAPELA DO HOSPITAL: 5€

- 26 de xuño. NELA ESTABA A FORZA DO MAR" de ANA ABAD DE LARRIVA

TABERNA CULTURAL "O ADRO": 5€.

- 27 de xuño. METODOLOXÍA CARROÑERA de VACABURRA (Galicia).
- 30 de xuño. X TORNEO DE DRAMATURXIA.
- 04 de xullo. CABARÉ de IRIA PIÑEIRO (Galicia). ESTREA ABSOLUTA

Prezo dos espectáculos programados na rúa e outros espazos alternativos: 1€.

As entradas se porán a venda no propio espazo no momento previo ao comezo de cada espectáculo.

Espazo adherido ao Carné Xove (30% de desconto, agás a venda de abonos).

A ADQUISICIÓN DE ENTRADAS SIGNIFICA A ACEPTACIÓN DAS SEGUINTE CONDICIÓNS

- A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais polo que, neste caso, declínase toda a responsabilidade e non se permite o acceso ao recinto das persoas que presenten unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación.
- Non se admiten cambios ou devolucións.
- Prégase máxima puntualidade. É potestade da organización permitir ou non a entrada ao recinto unha vez comezado o espectáculo.
- Resérvase o dereito de admisión.
- Quedan reservados os dereitos de imaxe e propiedade intelectual do espectáculo, non podendo as persoas do público introducir cámaras fotográficas, vídeo ou gravadoras, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización da organización.
- Prégase desconectar calquera tipo de aparello electrónico e silenciar as alarmas dos reloxos e os teléfonos móbiles.

LIMIAR 43 MITCFC

Esta Mostra susténtase nunha robusta estrutura de tecido humano, artístico, social e cultural, nutríndose do espírito aberto, participativo e tolerante das xentes do Morrazo, do seu amor polo entroido, pola música e polo TEATRO. Espírito no que se xestou a súa identidade: O Humor e a Igualdade.

Semella incríbel que nunha vila de 26000 habitantes se manteña no tempo un festival con tanto éxito e repercusión como se se celebrase nunha gran urbe.

As persoas que hoxe estamos á súa fronte, herdamos un fantástico legado que, cremos, soubemos recoller e traelo ao presente, ampliado e coa mirada posta no futuro, nas novas e vindeiras xeracións.

Ao longo destes anos, a Mostra acadou uns premios que nos honran, e emocionan:

- **Premio da Cultura Galega 2025** da Xunta de Galicia.
- **Premio Boas Prácticas en Igualdade 2025** da Deputación de Pontevedra.
- **Premio de Honra Marisa Soto 2022** da Asociación de Actrices e Actores de Galicia.
- **Premio á Animación Teatral 2021** da Federación Galega de Teatro Afeccionado.
- **Premio da Crítica de Galicia 2018** da Asociación de Premios da Crítica de Galicia.
- **Recoñecemento do CIM de Cangas 2015** no Día Internacional das Mulleres da Concellería de Igualdade do Concello de Cangas.

Chegar ata aquí con excelencia, profesionalidade, compromiso e en constante diálogo coa contorna foi posible grazas ás compañías e artistas, ás entidades patrocinadoras, públicas e privadas, grandes empresas e comercio local, ao noso fabuloso equipo técnico, artístico, gráfico e de comunicación, e, por suposto, a ese público que se renova dende 1984 e que hoxe visita a Mostra coas súas crianzas. Todas e todos eles fixeron posible este éxito, un éxito compartido.

Érguese o pano da 43 MITCFC e convidámosvos a gozar e reflexionar coa ficción teatral, xuntas e en ditosa harmonía.

Benvidas, benvidos a esta vigorosa casa comunitaria que é o Teatro.

María Armesto

Directora artística da MITCFC



#TEATRO NO AUDITORIO

MÉRCORES, 24 XUÑO 21:00

EL PEOR ESPECTÁCULO DEL MUNDO... DE MOMENTO!

ZANGUANGO TEATRO

XOVES, 25 XUÑO 22:00

ENSAIO TÉCNICO

COLECTIVO 84 · COPRODUCE CDG

VENRES, 26 XUÑO 22:00

LA LOCA HISTORIA DEL SIGLO DE ORO

LA ESCALERA DE TIJERA E Z TEATRO

SÁBADO, 27 XUÑO 22:00

CAPERUCITA EN MANHATTAN

TEATRO DE LA ABADÍA

DOMINGO, 28 XUÑO 22:00

CARIÑO MALO

MINISTERIO DE LA BELLEZA

XOVES, 02 XULLO 22:00

UBASUTE

BERROBAMBÁN

VENRES, 03 XULLO 22:00

THE ONE & THE ONE

COLETTE GOMETTE & ANNA DE LIRIUM

SÁBADO, 04 XULLO 22:00

HOY TENGO ALGO QUE HACER

TEATRO DEL BARRIO

DOMINGO, 05 XULLO 21:00

VIVA!

LA LOQUACE CIE



EL PEOR ESPECTÁCULO DEL MUNDO... DE MOMENTO!

MÉRCORES, 24 XUÑO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALICIA

Fundada en 1993, Zanguango Teatro produciu e produce espectáculos tanto de rúa como de sala. O noso traballo baséase en técnicas de creación colectiva, no físico, o movemento, na utilización do espazo e o ritmo como eixos da acción dramática. Os nosos temas refírense o comportamento humano en todas as súas facetas, buscando a parte máxica, desconcertante e divertida das situacións máis cotiás e reconocibles. Facemos un teatro de banda larga, e apostamos polo humor, pero o humor crítico, corrosivo, comprometido co social co político, co humano, que bascula cara á traxedia, a poesía, a ironía e o absurdo, para rirnos do patéticos que somos todos, un teatro con personalidade propia, do século XXI, contemporáneo, honesto, sen artificios nin trucos.

Un delirante documento, un BIOPIIC protagonizado por un heroe de barrio, un ser prescindible que está no mundo porque ten que haber de todo. Un acto de amor cara a todas esas persoas que se fan a si mesmas con baixo orzamento e malos materiais. Unha peza cómica sobre quen intenta ser alguén, pero, ao final, a súa vida é como a dos coellos, que saltan de matogueira en matogueira sen deixar rastro e, ao mirar atrás, só ven o medo ás escopetas. "Cando xa non hai nada ao que acollerse, só nos queda o riso".

Compañía: Zanguango Teatro
Público: Adulto
Duración: 60'

Procedencia: Euskadi
Presentación: 2025

Intérprete: Txubio Fernández de Jauregui
Autores: Txubio Fernández e Miquel Muñoz
Profesora danza butoh: Ainhoa Alberdi
Vídeo e fotografía: Beñat Fontaneda
Escenografía: Carlos Pérez
Edición son: Marc Canou
Asesor musical: Bingen Mendizábal
Producción: Zanguango Teatro
Dirección: Miguel Muñoz



ENSAIO TÉCNICO

XOVES, 25 XUÑO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA ABSOLUTA

Fundado en 2009 por John Romão e Mickaël de Oliveira, o Colectivo 84 é unha estrutura de creación e programación en artes performativas, apoiada pola Dirección-Geral das Artes desde 2010. Con sede en Aveiro, desenvolve actividade en todo o territorio nacional, con especial incidencia na Rexión Centro, promovendo a articulación entre distritos e a democratización do acceso ás prácticas teatrais contemporáneas. A identidade artística da compañía afírmase na creación de textos orixinais para teatro e na experimentación dramática e visual, a través dunha linguaxe transdisciplinar e intermedial.

Ensaio Técnico é unha creación de Mickaël de Oliveira e do Colectivo 84 afirmándose como unha reflexión crítica sobre o traballo artístico, os seus límites éticos e a relación complexa entre ficción e documental. A peza nace da observación dun grupo de mozos actores que, tras unha experiencia que os marca nun curso internacional de performance, decide fundar unha estrutura independente dedicada ao concepto de "performance continua e aberta". Ese xesto, simultaneamente artístico e vital, conduce o grupo a tres anos de recollida, pescuda e ritualización do traballo creativo. No regreso ao espazo público, presentan a súa versión -sempre parcial e subxectiva- do que viviron. A creación orixinal, desenvolvida co Teatro Taller, articula vídeo, performance, testemuña e ficción, propondo un ollar

crítico sobre a precariedade no sector cultural, a romantización da dedicación artística e as tensións entre ética, estética e comunidade. Esta dimensión híbrida, que cruza linguaxes do teatro e do cinema, constitúe un dos eixes centrais do proxecto.

Compañía: Colectivo 84. Coproduce CDG

Procedencia: Portugal

Público: Adulto

Presentación: 2026

Duración: 80'

Texto, posta en escena e realización: Mickaël de Oliveira

Interpretación:

Gael Genarelo, Alba Silva, Alba María Lopez e Patricia Merino

Asistencia de posta en escena:

Beatriz Wellenkamp Carretas e Noa López

Tradución e adaptación: Alzan Miranda Magallanes

Deseño, operación de vídeo e realización: Fábio Coello

Dirección Técnica e operación: João Monteiro

Dirección de produción: Héloïse Rego

Mediación e comunicación: Maria João de Vasconcelos

Espazo Escénico e caracterización: ESAD

Produción orixinal: Teatro Taller e Colectivo 84

Xestión financeira e de proxecto: Emília Moreira

Coprodución: Centro Dramático Galego

Agradecimentos: Mariana Carballal, Dani Salgado, Melania Cruz

Colaboracións:

Escola Superior de Arte Dramática da Galiza (ESAD), Amazing Rabbit

Apoio: República Portuguesa – Cultura, Juventude e Desporto /

Direção-Geral das Artes



LA LOCA HISTORIA DEL SIGLO DE ORO

VENRES, 26 XUÑO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALICIA

La Escalera de Tijera e a Z TEATRO xuntan disciplinas artísticas como o teatro, o traballo de corpo e o circo. As súas propostas baséanse na procura da calidade escénica, a través do compromiso e o coidado nos seus procesos de creación. Realizando unha revisión fresca e dinámica dos conceptos clásicos do teatro fusionados co clown, comedia da arte e outras formas de expresión artística. En definitiva, preséntannos obras clásicas contadas de forma directa, visual e cómica. O humor como fío condutor, a simboloxía dos obxectos, a creatividade na posta en escena, a música en directo e a iluminación son elementos esenciais na xeración de espazos e situacións, fai que as súas montaxes sexan próximos e accesibles á vez que achegan valores e diferentes formas de ver o mundo.

O retrato dunha España chea de luces e sombras, reis, pintores, dramaturgos, clero, pícaros e cómicos envolven La Loca Historia del Siglo de Oro e retratan os acontecementos acaecidos durante este século, narrando as andanzas, aventuras e desventuras dunha sociedade guiada polos designios de Deus e dos Reis. La loca Historia del Siglo de Oro debuxa a Historia de España durante eses case dous séculos, nunha viaxe onde uns cómicos preséntannos diferentes personaxes e historias, os instintos dos homes no seu afán de poder, de riqueza ou de ascender na escala social, tocando temas aínda de actualidade como as guerras, o ostracismo da muller ou como sobrevivir dentro dunha sociedade dominada pola ambición persoal.

Compañía: La Escalera de Tijera e Z Teatro

Procedencia: Extremadura

Público: Adulto

Presentación: 2024

Duración: 75'

Elenco: Lola Sánchez, Dani Jaén, Roberto Calle e Cristina Zarandiet

Dirección e dramaturxia: Javier Uriarte

Diseño de iluminación: Gustavo González

Composición musical: Balta Cano

Diseño e realización de vestuario: Eloísa Serrano

Diseño e realización de escenografía: Antonio Ollero

Diseño e realización de atrezzo: Roberto Calle

Fotografía: Rocío Gallardo

Vídeo: Bokeh Estudio

Diseño gráfico: Isaac Gutiérrez



CAPERUCITA EN MANHATTAN

SÁBADO, 27 XUÑO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALICIA

A Fundación Teatro da Abadía é o centro de creación, produción e exhibición escénica da Comunidade de Madrid con maior importancia internacional. Ao longo dos seus 30 anos de existencia, converteuse nunha das institucións líderes da escena europea.

Caperucita en Manhattan é unha reinterpretación que Carmen Martín Gaité fai do conto de Perrault e é un claro exemplo do poder da ficción como espazo seguro, como refuxio ante a adversidade.

É unha loa á liberdade e á dificultade de exercela, un manifesto para ser ti mesma. Unha obra que parece estar escrita hoxe, nunha época na que anhelamos parar, na que as mulleres non dubidan en ocupar os espazos públicos e na que a diario nos enfrontamos ao difícil labor de elixir un camiño.

Compañía: Teatro de La Abadía Procedencia: Madrid
Público: Familiar Presentación: 2025
Duración: 100'

Texto orixinal: Carmen Martín Gaité
Dramaturxia e dirección: Lucía Miranda
Elenco: Mar Calvo, Esperanza Elípe, Miriam Montilla, Carmen Navarro e Marcel Mihok (contrabaixista)
Deseño de escenografía e atrezzo: Alessio Meloni (AAPEE)
Axudante de escenografía e atrezzo: Mauro Coll (AAPEE)
Obradoiro de realización: Mambo Decorados
Deseño de vestiario: Anna Tusell
Axudante de vestiario: David DeGea
Confección: Gabriel Besa
Asesoría de caracterización: Sara Álvarez Rodríguez
Ambientación: Marisa Echarren
Perrucas e utilería de vestiario: Matías Zanotti
Iluminación: Pedro Yagüe (AAIV)
Axudante de dirección e coach actoral: Belén de Santiago
Meritoria de dirección: Ares B Fernández
Composición musical: Nacho Bilbao
Deseño de son e vídeo: Eduardo López
Deseño gráfico: Sergio de Carlos
Producción: Teatro de La Abadía
Producción executiva: Sarah Reis
Axudante de produción: José Luis Sendarrubias e Gema Iglesias
Fotografía: Dominik Valvo
Estudante de escenografía en prácticas: Yaiza Martín
Distribución: Nuevos Planes Distribución – Susana Rubio

#TEATRO NO AUDITORIO 09



CARIÑO MALO

DOMINGO, 28 XUÑO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN ESPAÑA

Fundada en 2025 e dirixida por Alejandro Clavier, Ministerio de La Belleza é unha compañía produtora de artes escénicas en Lima, Perú. Partindo da idea de que "A Beleza é o esplendor da verdade", este Ministerio ofrece escusas á cidadanía para atoparse presencialmente e compartir experiencias atravesadas por preguntas provocadoras, contemporáneas e relevantes sobre a nosa convivencia neste mundo. O nome da compañía é, tamén, unha especie de homenaxe ao Viceministerio da Suprema Felicidade Social de Venezuela, creado en 2013 polo Goberno de Maduro. Pero, á fin de contas e con todo o respecto: Ministerio de la Belleza chámase Ministerio de la Belleza porque si.

"O obsceno" refírese ao que é tan desagradable, impactante ou inmorale que debe manterse fóra (ob) da escena (scena): fóra da vista do público. A historia de Silvio, por varias razóns, estaría dentro desa categoría. Quizais por iso é unha radionovela. Unha sociedade castradora, segredos do pasado e unha maleta chea de cartos son algúns dos ingredientes desta homenaxe ao melodrama iberoamericano. A misteriosa alquimia de grandes clásicos da música crioula peruana reinterpretados desde unha mirada queer desprégase nunha historia sobre a procura da independencia e o desexo.

Compañía: Ministerio de la belleza

Procedencia: Lima, Perú

Público: Adulto

Presentación: 2025

Duración: 75'

Dramaturgo, director e produtor xeral: Alejandro Clavier

Directora adxunta: Claudia Tangoa

En escena: Sebastián Stimman, Diego Salinas e Alejandro Clavier

Composición musical e produción: Kayfex (Perú)

Diseño de escenografía: Magali Acha (Arxentina)

Diseño de iluminación: Marvin Calle

Diseño de vestuario: Vladimir Sánchez (Chile)

Diseño de son: Favio Rojas

Diseño de Folleys: Guadalupe Otheguy (Arxentina)

Edición audiovisual: Nicole Hurtado

Produtora creativa: Lillian White

Produción xeral: Ministerio de La Belleza

En coprodución con: Teatro La Plaza

Colaboración: Iberescena

Distribución: Carlota Guivernau



UBASUTE

XOVES, 02 XULLO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Berrobambán é unha das compañías teatrais máis consolidadas do panorama galego. Dende o ano 2000 producen un total de dez espectáculos teatrais para público familiar e que tiveron un notable éxito de público, converténdose nunha das compañías galegas con maior número de espectadores. Teñen participado en programacións de Galicia, España, Portugal, Corea e Canadá e, polo medio, organizan o Asteroide B-612, a primeira programación familiar estable en Galicia e o Circo-lar, unha programación familiar para a Consellería de Cultura.

Ubasute é un termo xaponés que significa literalmente "abandono dunha anciá" e que se refire ao presunto costume de deixar nunha montaña ou nun lugar afastado a un parente vello ou enfermo. Existen referencias dese costume na tradición oral de numerosas culturas, pero ningunha proba. Ubasute é o máis recente texto da dramaturga galega Paula Carballeira logo do seu recoñecemento co Premio Nacional de Literatura Dramática no ano 2023. Publicada pola Editorial Galaxia foi recoñecida pola prestixiosa Revista Babelia como un dos 5 mellores textos editados en galego no 2024. Así mesmo, a peza foi gañadora na categoría de Teatro dos Premios Follas Novas do Libro Galego. Ubasute é unha peza de aparencia simple mais de difícil clasificación que conxuga xéneros e abre enigmas para colocar o foco de atención na reflexión ao redor do abandono. De forma sutil e lúdica, Paula Carballeira toca temas de profunda gravidade a través dun xoguete escénico livián que brinda a posibilidade de emprender múltiples viaxes: a de acompañar

o tránsito de cada personaxe e a de emprender unha viaxe interior na que cada espectadora poida recoñecerse mentres se abandona ao que queda implícito entre liñas.

Compañía: Berrobambán
Público: Adulto
Duración: 55'

Procedencia: Galiza
Presentación: 2025

Interpretación: Rocío González, Xosé Barato e Lez Cameselle
Dirección: Vanesa Sotelo
Dramaturxia: Paula Carballeira
Escenografía e iluminación: Montse Piñeiro
Espazo sonoro: Chiqui Pereira
Imaxe gráfica: Nadina - Gráfica
Fotografía: Seimeira
Distribución: URDIME, S.Coop. galega



THE ONE & THE ONE

VENRES, 03 XULLO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALICIA

Na máis pura tradición dos grandes dúos cómicos como Arlequín & Briguella, Footit & Chocolat, Stan Laurel & Oliver Hardy, Jerry Lewis & Dean Martin, elas son Anna de Lirium e Colette Gomette, unha poderosa combinación de dúas pallasas en feminino.

Desde hai máis de 25 anos, cada unha delas percorre escenarios e festivais internacionais, rúas e corredores de hospitais, co mesmo personaxe que se foi encarnando co tempo e que adquiriu solera! Son dúas solistas, mestras da arte do clown visual, que unen aquí as súas forzas. A relación é rica e ofrece unha gran variedade de situacións!

Unha crese máis intelixente e a outra é o suficientemente estúpida como para crela. A gran Anna é unha bola de afecto, sempre disposta a facer o que sexa para existir aos ollos da outra, mentres que a pequena Colette reclama liberdade e autonomía, sen ser ela mesma capaz de facelo.

Unha ten o poder do tamaño, a outra o poder da velocidade. Están unidas como o yin e o yang, ámbalas dúas necesítanse mutuamente, sempre en busca da distancia correcta. Espello das nosas humanidade, entrégannos as vicisitudes das relacións humanas. O exceso de amabilidade, os desexos ocultos, o egocentrismo, malogran a súa amizade. Estes seres cándidos emocionan e alcanzan o universal.

Compañía: Colette Gomette & Anna De Lirium

Procedencia: Francia / Austria

Presentación: 2020

Público: Familiar

Duración: 70'

Anna de Lirium: Tanja Simma

Colette Gomette: Hélène Gustin

Creación: Hélène Gustin, Tanja Simma

Axuda á posta en escena, dirección de actrices:

Ami Hattab, Aude Maury

Luces e son: Jocelyn Pras, Inga Cerro

Administración: Annie Perreaux



HOY TENGO ALGO QUE HACER

SÁBADO, 04 XULLO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Teatro del Barrio (Premio Nacional de Teatro 2024) nace como sala en Madrid en 2013; naquel momento movíanos unha fame de realidade e a intuición de que as artes escénicas eran a linguaxe máis elocuente para interpretar as tensións do presente, os desafíos dun pasado pendente de revisar, e a irredenta crenza de que imaxinar futuros é estalos construíndo. No noso propósito está o de recoller o talento madrileño na nosa sala e poñelo en común con artistas procedentes de outros territorios nacionais e latinoamericanos; e está tamén o de impulsar a creación con temáticas que consideramos valiosas e equipos artísticos con voces que queremos acompañar.

Con Hoy tengo algo que hacer dispómonos a presentar as peripecias dun heroe moderno que, seguindo as canles da gran tradición picaresca, parte do fogar co propósito de comprender que é isto de ter unha ocupación, un algo que facer que sustenta e organiza calquera existencia.

Compañía: Teatro del Barrio

Público: Adulto

Duración: 75'

Procedencia: Madrid

Presentación: 2024

Autoría e dirección: Pablo Rosal

Elenco: Luis Bermejo

Diseño de escenografía e vestuario: Mónica Boromello

Diseño de iluminación: Raúl Baena e Eduardo Vizuite

Producción artística: Ana Belén Santiago

Producción executiva: Lucía Rico

Dirección técnica: Tony Sánchez

Distribución: Caterina Producciones

Comunicación: Paloma Fidalgo

Fotografía: Laura Ortega

Cartel: Jacobo Gavira

Unha produción de Teatro del Barrio



DOMINGO, 05 XULLO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALICIA

La Loquace Compagnie é unha compañía franco-española fundada en 2021 por Lisa Peyron e Daniel Olmos. Ambos iniciáronse no teatro de obxectos xunto a Katy Deville, cofundadora do Théâtre de Cuisine e figura pioneira desta linguaxe escénica. Deste encontro nace VIVA!, a primeira creación da compañía. Desde os seus inicios, o proxecto forma parte do programa de apoio do Théâtre de Cuisine, co acompañamento artístico de Katy Deville e, posteriormente, de Clément Montagnier. A compañía investiga a potencia simbólica e metafórica dos obxectos cotiáns, transformándoos en ferramentas narrativas capaces de abordar historias complexas de xeito sinxelo e cunha distancia que permite a reflexión.

"Hai case 50 anos, nunha pequena aldea de Castela, Pepe, o meu avó, matou a María, a miña avoa. Entereime moitos anos despois, case por casualidade".

VIVA! é a historia dun feminicidio cometido en plena ditadura franquista. A historia dun tabú social e familiar. No escenario, un escritorio. No escritorio, obxectos que se dispoñen a reconstruír a historia. Sen esquecer nunca o poder salvador do humor, VIVA! cuestiona a responsabilidade colectiva implícita nos actos individuais, a capacidade dunha sociedade de repararse e transformarse.

Compañía: La Loquace Cie
Público: Adulto
Duración: 75'

Procedencia: Francia
Presentación: 2023

Autoría e dirección: Lisa Peyron e Daniel Olmos
Interpretación: Lisa Peyron e Daniel Olmos
Producción: La Loquace Cie
Acompañamento á creación: Kate Deville – Théâtre de la Cuisine
Deseño de son: Mathias Guilbaud
Deseño de iluminación: Julie Darramon
Distribución: Ana Sala (IKEBANAH ARTES ESCÉNICAS)

#ESPAZOS ALTERNATIVOS

MÉRCORES, 24 XUÑO, 19:30 · SALA EXPOSICIÓN AUDITORIO

O ARCÓN DE NOA

AMARELO CÍA

XOVES, 25 XUÑO, 20:00 · SALA EXPOSICIÓN AUDITORIO

ESTO QUE NO SALGA DE AQUÍ

PABLO FIDALGO

VENRES, 26 XUÑO, 20:00 · CAPELA DO HOSPITAL

NELA ESTABA A FORZA DO MAR

ANA ABAD DE LARRIVA

DOMINGO, 28 XUÑO, 20:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL

METODOLOXÍAS CARROÑERAS PARA CORPOS INVERTIDOS

VACABURRA.

MARTES, 30 XUÑO, 22:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL

X TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

DRAMATURGA, MITCFC

XOVES, 02 XULLO, 20:00 · CAPELA DO HOSPITAL

SUITE RONSEL 25

TEATRO EN PUNTO

SÁBADO, 04 XULLO, 19:30 · SALA EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

QUEIXA (ROMA OU MORTE)

BRIGITTE VASALLO

SÁBADO, 04 XULLO, 24:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL

EXIT

IRIA PINHEIRO & MANUEL GUTIÉRREZ

DOMINGO, 05 XULLO, 19:00 · COMERCIO SON DA TERRA

VOSTEDE, QUE QUERE?

TEATRO EN PUNTO



O ARCÓN DE NOA

MÉRCORES, 24 XUÑO, 19:30 · SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO

Compañía: Amarelo Cía
Público familiar

Procedencia: Galiza
Presentación: 2025 Duración: 40'

Amarelo nace en outubro de 2022 como distribuidora de espectáculos de danza e teatro. A partir de finais do 2023, na súa liña de apoio a artistas emerxentes, inicia o camiño da produción de espectáculos de danza para espazos non convencionais e público familiar. Co foco na danza e as novas linguaxes, en Amarelo traballamos para facer chegar ao público espectáculos frescos, atractivos e de calidade.

Noa é unha nena que vive coa súa nai nunha casa apartada, e non ten con quen xogar. No seu arcón garda os xoguetes que xa non a entreteñen. Todo parece vello e apagado no seu mundo solitario. Pero un día, sen decatarse, activa un encantamento e entra no mundo máxico que habita no arcón, onde os xoguetes cobran vida e un ser misterioso goberna sobre eles. A través da linguaxe da danza contemporánea, a utilización de obxectos e a interacción co dispositivo escénico, o espectáculo mostra múltiples situacións e personaxes guiados por unha narración clásica de conto de maxia e fantasía.

Idea orixinal: Lilian Portela

Dirección: Carlota Rosón Rojo e Martín Blanco

Interpretación: Raquel Ferradás, Carlota Rosón Rojo, Martín Blanco

Dramaturxia e coreografía:

Carlota Rosón Rojo, Martín Blanco, Raquel Ferradás e Lilian Portela

Asesoramento escénico: María Escobar

Voz en off: Iria Álvarez Leirós

Iluminación: Nacho Martín

Música: Bruno Baw e Manuel Fonte

Espazo escénico: Eva Antelo

Vestuario: Noelia Picadizo

Confección de atrezzo: EVD Galicia

Cartel: Lúa Gándara

Foto e vídeo: Diego Seixo

Colaboran: Media Punta, Concello de Vigo, Concello de Mos



ESTO QUE NO SALGA DE AQUÍ

XOVES, 25 XUÑO, 20:00 · SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO · ESTREA EN GALICIA

Compañía: Pablo Fidalgo
Público: Adulto

Procedencia: Asturias
Presentación: 2022 Duración: 60'

Pablo Fidalgo (Vigo, 1984) é escritor, dramaturgo e curador independente. Publicou quince libros e as súas pezas presentáronse nos principais teatros e festivais de Europa e América. O seu último libro de poesía publicado é *Vivir sin nada* (Ril, 2023) e en teatro *La enciclopedia del dolor: esto que no salga de aquí* (Solar de edicións, 2024). Fundou e dirixiu o Festival Escenas do cambio (2015-2020). Creou programas de artes en vivo para os concellos de Bilbao, Xixón e Luearica.

O 31 de maio de 2021 a portada do xornal El País era a foto da porta dos Maristas de Vigo: o meu colexio. O titular do xornal dicía así: Exalumnos dos Maristas de Vigo denuncian o horror dun colexio con catro pederastas nos anos 90. Ler isto, ver isto, faime empezar a recordar, e recordar, e recordar. Empezo a reconstruír, a unir cabos, a facer memoria de verdade. A través de moitas conversas con outros exalumnos do colexio, voume reencontrando con imaxes e palabras e momentos do colexio e do deporte escolar que esquecera por completo. Acaso é posible recordar (reconstruír) unha vida sen compartila? Como eran os colexios relixiosos nesa época? Saíra España da ditadura? Por que nos colexios aínda existía esa disciplina e ese abuso continuado? Dun xeito moi sinxelo e austero, a obra desgrana paseniño o día a día nos Maristas de Vigo nos anos 90. Un ambiente cheo de violencia e contradicións, onde cada alumno e cada profesor atopa o seu xeito de seguir adiante...

Texto, dirección e performance: Pablo Fidalgo

Asistencia de dirección e produción: Amalia Area

Iluminación: Pablo Fidalgo e Amalia Area

Fotografías: Ignacio Pérez Jofre

Películas: Manuel Lareo Costas



NELA ESTABA A FORZA DO MAR


VENRES, 26 XUÑO, 20:00 · CAPELA DO HOSPITAL · ESTREA ABSOLUTA

Compañía: Ana Abad de Larriva Coproduce: MITCFC Procedencia: Galiza
Público: Adulto Presentación: 2026 Duración: 60'

Ana Abad de Larriva é unha artista multidisciplinar (actriz/performer, cantautora e dramaturga) que emprega diferentes linguaxes para confeccionar pezas artesás concibidas como poemas escénicos, nos que a música, o movemento, a palabra e a imaxe converxen en puntadas que combinan a beleza e a crueza para abordar aquilo que a conmove, especialmente en relación coa natureza e o universo feminino. É titulada superior en Arte Dramática, na especialidade de Interpretación Xestual, pola ESAD de Galicia; e doutora en Comunicación pola UVigo, cunha tese sobre a construción das bases da presenza a partir do adestramento actoral; e ten formación en canto, piano e danza. Como dramaturga gañou o Premio Abrente, a bolsa de dramaturxia do CDG, o Certame de Microteatro da Memoria e o Premio Roberto Vidal Bolaño, e as súas creacións escénicas resultaron finalistas de certames como o Metro Cadrado do FIOT ou o 67 Graos Ourense Fervescénica do FITO.

"Nela, nelas, estaba a forza do mar. E do monte, das montañas, dos ríos, do vento e das treboadas. A forza da natureza enteira berraba nas súas veas. E nun bater, e nun pechar, e nun escuro... Silencio". "Nela estaba a forza do mar" é unha peza performativa que combina a música, a narración oral cantada e falada, as artes do movemento e as artes visuais para mergullarse dun xeito sensorial na realidade dunhas mulleres cheas de forza que foron marcadas polo tempo.

Dirección, dramaturxia, textos, creación escénica e musical: Ana Abad de Larriva
Interpretación escénica e musical: Ana Abad de Larriva
Fotografía e proxeccións: David Rodas González e Ana Abad de Larriva
Asistencia vocal e musical: Sagrario Salamanca e Úrsula Casás
Asistencia de dirección: David Rodas González
Coproduce: MITCFC



METODOLOXÍAS CARROÑERAS PARA CORPOS INVERTIDOS

DOMINGO, 28 XUÑO, 20:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL

Compañía: VACAburra. Procedencia: Galiza Público: Adulto
Presentación: 2021 Duración: 60'

VACAburra. é o resultado da colisión de dúas artistas, Andrea Quintana «la variopinta» e Gena Baamonde «mulleron» que unen as súas inquietanzas e traxectorias nun proxecto común que xira en torno á creación escénica e coreográfica en clave contemporánea. O seu traballo está atravesado pola hibridaxe de linguaxes, o feminismo, o humor e a investigación teórico-práctica co corpo como accionador principal das súas creacións. Para nós VACAburra é un intentar intentando, un baile continuo, un camiño de tenacidade en avance imparable. Saltar o valado do prado, abrir fendas nos muros, forza bruta en estado salvaxe.

Conferencia performativa, bastardia disciplinar, investigación desleal onde se mesturan coñecementos teóricos e prácticos a través do humor, tendo como eixo central a disidencia sexo-xenérica na escena. Un dos obxetivos desta conferencia é pasar polo corpo os coñecementos teóricos manexados dentro da proposta, partindo de diversos conceptos e referentes que nos axudan a conformar xenealoxías diversas, xenealoxías dislocadas que cuestionan a historia escénica heterocentrada. Esta conferencia freak xorde da necesidade de expandir e traducir a linguaxe escénica o proceso de investigación académica da tese doutoral de Gena Baamonde: Sexualidades Des-Xeneradas na Práctica Escénica Contemporánea na busca de carroña metodolóxica e incoherencia corporal.

Creación: VACAburra / Gena Baamonde
Dirección e dramaturxia: Gena Baamonde acompañada por Andrea Quintana
Texto orixinal: Gena Baamonde
Coreografía: Andrea Quintana
Interpretación: Gena Baamonde e Andrea Quintana



X TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MARTES, 30 XUÑO, 22:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL

Organiza: Dramaturga, MITCFC

Procedencia: Galiza

Mestra de cerimonias: Esther Carrodegua

Público: Adulto

O Torneo cumpre 10 anos, e tiñamos que celebralo!

Van alá nove anos promovendo a dramaturxia en lingua galega cun espectáculo fresco e participativo, e pensamos que para esta décima edición, sería perfecto parar un pouco, desacelerar, e celebrar todo o vivido.

Así, este X Torneo será unha festa da dramaturxia á que están convidadas todas as participantes da historia do Torneo, e por suposto... todo o público que nos queira acompañar. O formato será o habitual, co noso ring e coa nosa Mestra de Cerimonias, que presentará un furioso combate no que catro recoñecidas dramaturgas e dramaturgos de Galicia se baterán na procura do voto do público, pero neste caso recuperaremos algúns dos textos ganadores en edicións anteriores ata que quede só unha persoa ganadora, aquela que xogue mellor coas nosas armas: retruques da palabra, ideas, ritmos, conflitos, sorpresas, accións, silencios. Os actores, as actrices, e mesmo os directores e directoras, serán tamén dramaturgos e dramaturgas que xa pasaron polo torneo. Unha auténtica Festa da Dramaturxia para non perder!

Os torneos de dramaturxia son unha idea orixinal de Jordi Casanovas desenvolvida conxuntamente co Festival Internacional Temporada Alta de Girona.



SUITE RONSEL 25

XOVES, 02 XULLO, 20:00 · CAPELA DO HOSPITAL · ESTREA ABSOLUTA

Compañía: Teatro en punto

Coproduce: MITCFC

Procedencia: Galiza

Público: Familiar (a partir dos 14) Presentación: 2026

Duración: 60'

Teatro En Punto comezou a súa traxectoria en 1996 co nome de Teatro Bruto acometendo oito montaxes. En 2007, Gloria Rico quedou como responsable de Teatro en Punto. Nesta segunda etapa a compañía participa nunha decena de producións.

Este espectáculo nace pola necesidade de lembrar. Lembrar ós nosos poetas e lembrar a nosa historia, esa que parece difuminarse nos libros de texto dos nosos rapaces e rapazas, desinformándoos do que pasou no século XX. Para logralo, nós trataremos o tempo que vai desde a xeración poética do 25 (1925), no marco da dictadura de Primo de Rivera, e que levaremos ata o século XXI (2025), baixo a batuta das voces que nos axudarán a darlle forma a este percorrido sensible e metafórico: da trágica Guerra Civil e esa posguerra de sangue e fame, á transición que desembocou na democracia actual, entre outros datos históricos relevantes. Os poetas sempre van diante dos acontecementos, e cando estes xorden, acompañan e reflexionan sobre aquilo que viven. Por iso este espectáculo dirixese directamente ós rapaces e rapazas, que por non se sabe moi ben qué, ocultoúselles e silencioúselles unha realidade histórica da que agora parecen ser os culpables de descoñecer, cando este coñecemento negoúselles por decreto tácito. O culpable é o silencio institucional, social e ata familiar. Polo tanto, quizais ó facilitar eses datos históricos por mediación da metáfora poética, os poida axudar a nomear aquilo que descoñecen.

Xénero: Dramedia con música

Autoría, dramaturxia e dirección: Xavier Picallo

Interpretación: Xavier Picallo, Gloria Rico, Sabela Dacal, Tyler McKechnie


Creación musical: Sabela Dacal Iluminación: TEP

Fotografía e cartel: Diego Seixo

Producción: TEP

Acompañamento: MITCFC

Distribución: Gloria Rico



QUEIXA (ROMA OU MORTE)

SÁBADO, 04 XULLO, 19:30 · SALA EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

Brigitte Vasallo (Barcelona, 1973) é filla dunha familia labrega de Chandreixa de Queixa emigrada a Francia e, despois, a Catalunya. Escritora, investigadora e docente, traballa sobre os procesos de alteridade e a memoria e destrución da vida rural no sur de Europa. Foi becaria da Academia de España en Roma e profesora invitada na Universidade de Nova York (CUNY) entre outras. Reivindica a identidade txarnega, publicou os textos en galego *Tornarse existencia exuberante* (en Brasil, en Chao da feira), *Ler a Butler* dende Chandreixa de Queixa (na edición colectiva *O cento voando*) e *Galicia é un lugar extraordinario* (no colectivo *Galiza e o decolonialismo*). Como dramaturga presentou *Naxos*, drama en tres lamentos e un par de actos, dirixida por Gena Baamonde, e *Un cos (possible)* i *lesbià*, codirixida por Alba Corral. Comisariou o I Festival de Cultura Txarnega de Barcelona. *La fosa abierta* (Anagrama 2026), é o seu último libro.

Queixa [Roma ou Morte] é unha pesquisa sobre a mutación, unha conferencia escénica sobre as memorias sen monumento, unha narración posible sobre o desmantelamento do campo precapitalista o devenir das descendentes daquela diáspora, co epicentro en Chandreixa de Queixa e espellos en outros territorios labregos do sur de Europa. *Queixa [Roma ou Morte]* busca unha linguaxe que aúne dous mundos: a tradición oral da que son filla, mal chamada analfabetismo, e a literatura da que vivo. *Queixa [Roma ou Morte]* é un artefacto de literatura pra non lectoras, unha literatura do corpo, da voz, das imaxes.

Compañía: Brigitte Vasallo
Público: Adulto
Duración: 90'

Procedencia: Catalunya - Galiza
Presentación: 2023

Dirección: Gena Baamonde
Creación, dramaturxia, textualidade e interpretación: Brigitte Vasallo

Creada co apoio das Residencias Paraíso do Colectivo RPM e coa bolsa da Academia de España en Roma 2024



EXIT

SÁBADO, 04 XULLO, 24:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL · ESTREA ABSOLUTA

Compañía: Iria Pinheiro & Manuel Gutiérrez Procedencia: Galiza
Público: Adulto Presentación: 2026 Duración: 60'


Iria Pinheiro desenvolveu a súa actividade profesional no audiovisual, nas artes escénicas e na música. Escribe teatro e poesía.

Manuel Gutiérrez é pianista e compositor. Comezou a súa traxectoria musical nos anos oitenta. Na actualidade é pianista en Sumrrá e profesor en Estudio Escola (Compostela).

Monólogo cómico musical que indaga nas profundidades da alma humana.

Iria Pinheiro: actriz

Manuel Gutiérrez: piano



VOSTEDE, QUE QUERE?

DOMINGO, 05 XULLO, 19:00 · COMERCIO SON DA TERRA · ESTREA ABSOLUTA

Compañía: Teatro en punto Coproduce: MITCFC Procedencia: Galiza
Público: Todos Presentación: 2026 Duración: 15'

Teatro En Punto comezou a súa traxectoria en 1996 co nome de Teatro Bruto acometendo oito montaxes. En 2007, Gloria Rico quedou como responsable de Teatro en Punto. Nesta segunda etapa a compañía participa nunha decena de producións.

Unha parella, un Vendedor experimentado e monosilábico e unha compradora, a Señoraben-Verborreica, A Clienta, atópanse no negocio de venda ó público. A Clienta chega do exterior e saltándose a cola preceptiva comeza a pedir, a esixir, a querer, a desexar... cousas... lícitas ou ilícitas, que o vendedor atende con devoción e eficacia. Á hora de marchar e dado o tamaño dos pedidos, a clienta esixirá un sherpa-recadeiro que o vendedor ofrecerá, escollido entre os sherpa-recadeiros-espectadores que no despacho se atopan. Será este recadeiro do gusto da Señora Clienta?

Texto: Xavier Picallo

Dirección: Xavier Picallo

Interpretación: Gloria Rico e Xavier Picallo

Cartel e fotografía: Diego Seixo

Produción: TEP

Colabora: MITCFC

Xénero: Cabaret literario golfochic

#TEATRO NA RÚA

DOMINGO, 21 XUÑO 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

DOMINGO, 28 XUÑO 2026 20:00 · PORTO DE ALDÁN

O BUSCADOR DE ILLAS

TEATRO DE NINGURES, COPRODUCE MITCFC

XOVES, 25 XUÑO 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

VENRES, 26 XUÑO 20:00 · CRUCEIRO DO HÍO

SHEREZADE, ALADINO E OS TRES BEDUINOS

TEATRO GHAZAFELHOS, COPRODUCE MITCFC

VENRES, 26 XUÑO 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

TAVOLE

ZIRKO TXOSKO

SÁBADO, 27 XUÑO 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

CRUNCH 2!

MUU

DOMINGO, 28 XUÑO 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

5.0

SUE MORENO

MARTES, 30 XUÑO 17:00 A 21:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

UN MAR DE XOGOS

BICO DE TOUPA

MÉRCORES, 01 XULLO 20:00 · CRUCEIRO DO HÍO

XOVES, 02 XULLO 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

MAIS SAAABOR!


CULTURACTIVA PRODUCCIÓN

VENRES, 03 XULLO 2026 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

SÁBADO, 04 XULLO 20:00 · ADRO DE DARBO

ÑIQUIÑAQUE

ESPECTÁCULOS VALENTE



O BUSCADOR DE ILLAS


DOMINGO, 21 XUÑO, 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS · ESTREA ABSOLUTA
DOMINGO, 28 XUÑO, 20:00 · PORTO DE ALDÁN

Compañía: Teatro de Ningures Coproduce MITCFC Procedencia: Galiza
 Público: Familiar Presentación: 2026 Duración: 50'

Dende a súa fundación en 1986, Teatro de Ningures vive por e para o teatro, o teatro que quere facer, un teatro de actualidade, ambicioso, comprometido coa realidade e coa comunidade. A compañía, implicada co seu territorio, nútrese da fabulosa materia prima profesional e social do Morrazo, comarca tradicionalmente vencellada ao teatro, na que abundan artistas en todas as disciplinas..

Un barco cun único tripulante navega na procura das illas que se están a asolagar polo aumento do nivel do mar, sen que ninguén semelle percatarse, sen que ninguén faga nada por evitalo, xa que non perxudica directamente os intereses dalgúns homes poderosos pero sí afecta ao conxunto dos habitantes do planeta, animais mariños, aves ou persoas. O personaxe central, Xacio, anda na procura das illas, non se sabe moi ben para qué, seguramente procura xustiza. É unha viaxe post-iniciática, na madurez, alguén que deixa todo atrás para intentar unha nova misión, necesariamente utópica, seguramente condenada ao fracaso, pero coa vontade suficiente para non renderse pese ás adversidades da viaxe. Dous seres máxicos o acompañan e adoptan diferentes roles durante o percorrido, poden ser calquera de nós (público) e actúan favorecendo ou perxudicando a misión de Xacio, mesmo provocando que siga adiante nos momentos de desesperación ou acompañándoo nos estados de ánimo, potenciándoos.

Creación colectiva a partir dunha idea de Lois Soaxe
 Elenco: Lois Soaxe, Carlota Rosón Rojo e Martín Blanco
 Escenografía: Pablo Giráldez "Pastor" Vestuario e imaxe: Diego Seixo
 Espazo sonoro: Héctor Pazos Dirección: Salvador del Río
 Contratación: Lilian Portela, Amarelo Distribución



SHEREZADE, ALADINO E OS TRES BEDUINOS

XOVES, 25 XUÑO, 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS · ESTREA ABSOLUTA
VENRES, 26 XUÑO, 20:00 · CRUCEIRO DO HÍO

Compañía: Teatro Ghazafellos Coproduce MITCFC Procedencia: Galiza
 Público: Familiar Presentación: 2026 Duración: 50'

Teatro Ghazafellos é unha compañía nacida en Narón no ano 2006 especializada en teatro actoral e clown. No 2026 compreen 20 anos sobre as taboas, na rúas e prazas facendo teatro galego para todos os públicos. Trátase dunha das compañías galegas de referencia para público familiar. Ghazafellos compóñena Montse Piñón, Pepablo Patinho e Jorge Casas. Unha compañía consolidada que nos sorprende con cada nova produción, mesturando xéneros, tratando temas como a violencia, a solidariedade, a diversidade e levándonos a mundos cheos de maxia.

A crueldade do sultán, a intelixencia de Sherezade, a pillería de Aladín, a aventura de Alibabá... todo tornará nun xogo no noso maxín dende o momento no que as personaxes chegan nun carromato procedente das antigas historias de Bagdad. Veñen subidos en zancos e con aspecto de xenios anunciando unha historia máxica da lonxana Persia e precisan da participación activa do público para que xunto cos despistes e a improvisación propia dos Ghazafellos a posta en escena sexa sorprendente. Collendo como pretexto a historia das mil e unha noites e nun ambiente máxico no que non faltarán o incenso, as teas e un contador de historias capaz de transportarnos á antiga Persia, poremos en escena tres dos relatos máis coñecidos deste recopilatorio de contos do medio oriente. Achegaremos ao espectador a unha obra literaria tan importante como é As mil e unha noites provocando unha reflexión: os nenos e nenas medran intelectualmente cando son capaces de argumentar as súas decisións.

Elenco: Pepablo Patinho, Montse Piñeiro e Jorge Casas
 Público: familiar a partir de 3 anos



TAVOLE

VENRES, 26 XUÑO, 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

Compañía: Zirko Txosko
Público: Familiar


Procedencia: Galiza-Euskadi
Presentación: 2024

Duración: 55'

Zirko Txosko créase ao coñecérense Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreka (Pamplona), na que se formaron durante tres anos. Alí aprenderon diferentes técnicas de circo así como malabares, equilibrios, aéreos, clown, interpretación, creación... Despois tomaron diferentes camiños até que o actor, clown, docente e director Walter Velázquez lles botou unha man na dirección do espectáculo Chosco! Logo de debutar con Chosco!, Zirko Txosko crearon outros tres espectáculos xuntos, Forzu2, OH-PERA e Tavole e participan tamén en compañías como Cair e Pistacatro.

Levantarse co pé esquerdo significa que todo vai ir mellor... claro que peor é imposible. Tavole é un espectáculo que xira en torno a 2 personaxes, un ritmo vertixinoso e un montón de mesas, que os levará a situacións tan cotiás como surrealistas onde aparece a acrobacia, as técnicas aéreas, a maxia e o humor. Moitas situacións cotiás da vida acontecen arredor dunha mesa, pero a velocidade do día a día, o ritmo de vida, o estrés, que non te deixa sentar a unha mesa a pensar e reflexionar, é aí cando as cousas máis sinxelas da vida pódense complicar, cousas como saír de casa sen roupa, ou que as mesas se rebelen! Unha tola e divertida aventura para todos os públicos na que o circo aparece de forma disparatada, a acrobacia, o risco e a sorpresa están presentes, e onde o público será partícipe do xogo para que todo saia ben. Un show cercano, interactivo para o público e divertido no que xogarse a vida é a única opción.

Elenco: Ariñe Azkue, Óscar Páez
Dirección: Aritza Rodríguez
Escenografía: Jose Luis Canete
Vestuario: Estudio 14
Apoio na creación: Centro artístico ZAWP
Acompañamento na produción: Artaide



CRUNCH 2!

SÁBADO, 27 XUÑO, 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

Compañía: Muu
Presentación: 2023

Procedencia: Galiza
Duración: 55'

Público: Familiar

A compañía Muu nace da colaboración entre Assircópatas e Circo Chosco. O resultado é a simbiose entre a sorprendente forma de ver o mundo, o humor, a vida e os conflitos de Assircópatas coa técnica acrobática e de clown de Óscar Páez, de Circo Chosco. Xuntos presentan espectáculos frescos e divertidos que farán rir a persoas de todas as idades.

Volven os dous superheroes máis queridos do circo cunha nova aventura. Unha viaxe temporal aos seus comezos, volver á escola por non ter sacado un título. Quen non soñou con iso? Un mundo no que non es ninguén sen título. Novos inimigos, novas aventuras, novos desafíos. Un espectáculo familiar cheo de malabares, caídas, golpes, corda frouxa, risas e equilibrios imposibles. Máis que nunca é tempo de superheroes.

Elenco: Oscar Páez, Dani Blanco
Dirección: Natalia Outeiro "Pajarito"
Escenografía: Dani Keller
Vestuario: La Mapache
Música: José Díaz
Luces: Beatriz Rubio



5.0

DOMINGO, 28 XUÑO, 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS · ESTREA ABSOLUTA

Compañía: Sue Moreno
Presentación: 2026

Procedencia: Galiza
Duración: 50'

Público: Familiar

Sue Moreno é actriz, trapecionista e bailarina, formada na escola de danza Carmen Serra e as escolas de circo Carampa e Charivari. Comezou a súa carreira como artista no ano 2000 e non parou de traballar dende entón. Na actualidade é directora da escola de Acrobacias Aéreas que fundou en 2013 na Coruña e traballa coa súa propia compañía e proxectos en colaboración con outras artistas como pode ser Su.Ma.

Unha diva que se achega aos 50, un corpo que manifesta o paso do tempo e unha pregunta... Canto tempo máis pode ser trapecionista? Cambios, premenopausa, transformación, envellecemento... Un espectáculo cheo de amor, humor, música e baile.

Creación e interpretación: Sue Moreno
Dirección: Gonçalo Guerreiro
Música orixinal: Manuel Fonte
Asesoría batería: Diego Puga
Asesoría flamenco: Carolina Blanco
Vestuario e escenografía: Sue Moreno
Fotografía e vídeo: Amaia Niango



MARTES, 30 XUÑO, 17:00 A 21:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

Compañía: Bico de Toupa
Presentación: 2025

Procedencia: Galiza
Duración: 240'

Público: Familiar

Bico de Toupa é un colectivo multidisciplinar de creación artesá fundado en Redondela no ano 2017. Con experiencia no eido teatral e nas belas artes, o colectivo desenvolve o seu traballo no deseño e realización de todo tipo de elementos tanto escénicos como artísticos. Unha equipa onde cada artista aporta a súa especialidade que vai dende a talla até a forxa, poñendo todo o seu coñecemento ao servizo de cada proxecto. O colectivo traballa no seu obradoiro de creación mesturando enxeño e artesanía nun intento de propor pezas únicas cun sentido estético e que conecten co espectador/a. Ruth Rodríguez é a responsable da dirección do obradoiro así como dos proxectos.

Un Mar de Xogos é unha instalación lúdica de madeira, de carácter artesán e con temática do mar. Un espazo familiar e interxeneracional onde poder brincar, enredar e aprender habilidades a través da imaxinación e a sinxeleza que ten o xogo. Volver conquistar a rúa como lugar participativo e inclusivo, onde todas as persoas conviven e desfrutan xuntas xogando, esquecéndose das pantallas e recuperando a madeira como material que nos conecta coa natureza.

A instalación está dinamizada por tres mariñeiros/as:
Ruth Rodríguez, Luis Crespo e Luis Borines

UN MAR DE XOGOS

24 #TEATRO NA RÚA



MAIS SAAABOR!

MÉRCORES, 01 XULLO, 20:00 · CRUCEIRO DO HÍO

XOVES, 02 XULLO, 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

Compañía: Culturactiva Producións
Público: Familiar Presentación: 2023

Procedencia: Galiza
Duración: 60'

Culturactiva Producións somos unha compañía e produtora que fai realidade as necesidades reais dos programadores e programadoras, froito do noso coñecemento do sector como distribuidora. Con pezas como As Alumnas, Nada se Sabe, Vía Morta ou Más Saaabor!, temos unha produción teatral constante con espectáculos adaptados a todo tipo de espazos e requerimentos, a datas sinaladas e sempre creamos pensando no público ao que nos diriximos. O humor e a versatilidade son as nosas señas de identidade.

Unha proposta cómica, para público infantil e familiar, de creación propia e dirixida por Avelino González en torno ao mundo da gastronomía e a alimentación saudable. Más Saaabor! mestura música en directo, maxia, humor, moito ritmo e participación do público. Más Saaabor! é máis música, máis gastronomía, máis maxia e máis ritmo! Tras o éxito de Saaabor!, estreada en marzo de 2017, Félix Rodríguez e Fran Rei convértense de novo en dous recoñecidos chefs que nos ofrecen un gorentoso, equilibrado e, sobre todo, ben afinado menú: unha comida moi musical para toda a familia. Unha visita cómica ao mundo dos fogóns para promover o achegamento á cociña, a alimentación saudable e o consumo de produtos de proximidade entre o público galego.

Elenco do espectáculo: Fran Rei, Félix Rodríguez

Dirección: Avelino González

Escenografía: Kukas

Vestuario: Bety Busto

Música: Félix Rodríguez

Produción: Culturactiva S. Coop. Galega e Félix Rodríguez



ÑIQUIÑAQUE

VENRES, 03 XULLO, 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

SÁBADO, 04 XULLO, 20:00 · ADRO DE DARBO

Compañía: Espectáculos Valente
Presentación: 2026

Procedencia: Galiza
Duración: 80'

Público: Familiar

Espectáculos Valente é unha compañía de nova creación composta por alumnos recién graduados na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Os seus integrantes son Ángel Blanco e Dani Lago, graduados nas especialidades de Interpretación Textual e Xestual respectivamente, e Roberto Vázquez, graduado na especialidade de Dirección de Escena.

Cosme e Damián, dous cómicos ambulantes a punto de disolver a súa compañía, reciben unha chamada do Gran Duque coa oferta de realizar un espectáculo para celebrar o seu vinte aniversario de casados. Ante a grande oferta económica, os cómicos comezan a ensaiar unha peculiar versión de Romeo e Xulieta. Todo isto mentres continúan a súa viaxe nun motocarro avariado. No seu camiño saíran os seus conflitos internos e reflexións existenciais, amparadas na precariedade dos cómicos da legua. Ñiquiñaque é unha nova posta en escena do texto de Cándido Pazó, no que o teatro pasa a converterse nunha metáfora de moitas vidas precarias e á deriva, sen rumbo fixo ante un futuro incerto. Un texto que tamén é unha declaración de amor ás artes escénicas, e que revisita os clásicos referenciando non só a Shakespeare, senón tamén á tradición do teatro ambulante ou á Commedia dell'Arte, todo isto con fortes doses de retrans e diálogos aparentemente absurdos que ocultan a súa complexidade.

Dirección: Roberto Vázquez

Texto: Cándido Pazó

Elenco: Ángel Blanco, Dani Lago

Espazo sonoro: Marqués de Vilapodre

#MOSTRA COMUNITARIA

XOVES, 04 XUÑO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

TARTUFO

GRUPO DE TEATRO DO CAMPUS DE PONTEVEDRA (UVIGO)

XOVES, 11 XUÑO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

MACBETT

AULA DE TEATRO DO CAMPUS DE VIGO (UVIGO)

SÁBADO, 20 XUÑO, 20:00 · ALAMEDA VELLA DE CANGAS

FEGATEA NA MITCFC

FEGATEA

LUNS, 22 XUÑO, 19:00 · SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

OS DE FREIXO

FURAFOLLAS TEATRO

LUNS, 22 XUÑO, 20:15 · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

METAMORFOSE INVERSA

ACCIÓN DO CURSO O CORPO CREATIVO DA ETC

LUNS, 22 XUÑO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

MOSTRA ETC

MOSTRA DO OBRADOIRO DE ESCRITA E DIRECCIÓN DA ETC

LUNS, 29 XUÑO, 20:00 · SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

A TEMPESTADE

LUZAZUL DO CONCELLO DE CANGAS

LUNS, 29 XUÑO, 21:00 · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

FROUMA

ACCIÓN DO CURSO DE INTERPRETACIÓN DA ETC

LUNS, 29 XUÑO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

ÓPERA PÁNICA

ESPECTÁCULO DO OBRADOIRO DE POSTA EN ESCENA DA ETC

MOSTRA COMUNITARIA

O feito teatral non acontece por ciencia infusa. O labor que se fai no eido do teatro amador, escolar, inclusivo e universitario é crucial, non só para a súa aprendizaxe, desenvolvemento da creatividade e socialización senón, tamén, para os procesos terapéuticos ou con persoas con discapacidades funcionais e cognitivas.

Este teatro, feito nos barrios, nas escolas, nas vilas, nos colectivos sociais e nas universidades serve, ademais, para o enriquecemento do teatro como arte, para a creación de novos públicos e como berce de futuros profesionais.

O teatro como nexo e expresión da diversidade.

A MITCFC quere apoiar estas iniciativas para que a chama do teatro permaneza sempre viva.



TARTUFO

XOVES, 04 XUÑO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: Grupo de Teatro do Campus de Pontevedra (UVIGO)
Procedencia: Galiza Público: Adulto Presentación: 2026

Nas Aulas de Teatro da UVigo, Teatro de Ningures ofrece unha formación que permite acceder ao alumnado á aprendizaxe das principais disciplinas escénicas: a expresión corporal e vocal, a interpretación, a improvisación, a emoción e a posta en escena. Ao longo destes anos, nas Aulas de Teatro creáronse 40 espectáculos, todos eles representados nos campus de todas universidades galegas e do resto de España.

Tartufo é unha das comedias máis representativas de Molière, na que o autor francés desata unha crítica furibunda da hipocrísia da sociedade da súa época. Tartufo, habilmente disfrazado de honradez e virtude, utiliza a aparencia externa da piedade para introducirse nun apracible fogar burgués e gañarse a confianza do beato cabeza de familia Orgón. Baixo a súa máscara virtuosa, Tartufo maquina para colmar a súa ambición, envolvendo toda a familia nunha trama de enredos e enganados.

Autor: Jean-Baptiste Poquelin «Molière»
Tradución: Henrique Harguindeguy Banet

Elenco: Carol Rufián García, Celeste Cortés Davila, Fernando Huelin Trill, Fons De Groot Schipper, Francisco Pernas Lorenzo, Jesús A. Gutiérrez Santiago, Joan Manel García, Mabel Fernández Comesaña, Mayka Freire Dapena, Ramón Pastoriza Fariña, Suso Riveiro Bello, Xaime Reboiras.

Vestuario: Sonia Rúa
Imaxe: Diego Seixo
Música: Pablo Costas
Codirección: Omar Ferrín
Iluminación e Dirección: Salvador Del Río



MACBETH

XOVES, 11 XUÑO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: Aula de Teatro do Campus de Vigo (UVIGO)

Procedencia: Galiza Público: Adulto Presentación: 2026

Nas Aulas de Teatro da UVigo, Teatro de Ningures ofrece unha formación que permite acceder ao alumnado á aprendizaxe das principais disciplinas escénicas: a expresión corporal e vocal, a interpretación, a improvisación, a emoción e a posta en escena. Ao longo destes anos, nas Aulas de Teatro crearonse 40 espectáculos, todos eles representados nos campus de todas universidades galegas e do resto de España.

Macbeth de Eugène Ionesco é unha traxicomedia inspirada en Shakespeare, que satiriza o poder absoluto e a tiranía a través do absurdo. Nesta versión, Macbeth e Banco son xenerais traizoeiros que derrocan un rei tiránico, só para que Macbeth se converta nun ditador aínda máis brutal e corrupto, caendo en espiral nun asasinato sen sentido. A obra combina elementos da trama orixinal de Macbeth co estilo de Ubú Rei de Alfred Jarry, amosando a ambición insaciable, a traición e a tiranía. Esta peza é unha alegación contra todas as formas de tiranía e violencia política. Humor macabro e absurdo para amosar o horror do totalitarismo.

Autor: Eugène Ionesco

Tradución: Henrique Harguindey

Elenco: Antía Pérez Carballo, Antón Abal Rúa, Azael Durán Alonso, Cecilia Jiménez López, Choquart Manon, Juan Diego Comesaña Lorenzo, Laura Pousada Barrio, Lidia Gutiérrez Marín, Lola Matamoro Gómez de los Infantes, Lucas Campos Rubio, Miguel Rodríguez Carretero, Rosa María Molares Alonso, Uxía Fernández Delgado, Yeraí Orts Covelo.

Vestuario: Sonia Rúa

Escenografía: Ningures

Imaxe: Diego Seixo

Dirección: Casilda Alfaro e Sonia Rúa

Música: Miguel R. Carretero e Héctor Pazos

Iluminación: Héctor Pazos

Axudante de dirección: Sonia Salgado



FEGATEA NA MITCFC

SÁBADO, 20 XUÑO, 20:00 · ALAMEDA VELLA DE GANGAS

Compañía: Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA)

Procedencia: Galiza Público: Todos Duración: 90'

A Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), naceu no ano 2000 na Casa da Cultura de Noia, coa aprobación dos estatutos por maioría. Sobre o documento asinado, destacan obxectivos tan importantes como son a loita pola normalización cultural e lingüística, a promoción e intercambio de experiencias entre os grupos e o debate colectivo. Na actualidade está formada por máis de 60 grupos e é membro organizador do festival internacional PLATTA, xunto con PLATEA Alto Minho e FETACyL (Castela e León).

Nesta nova edición da MITCFC contaremos con tres grupos, históricos algúns, outros de recente formación. Asistiremos á representación de tres pezas curtas que descorren entre o costumismo social e o teatro contemporáneo.

O Trasno Teatro con "Daquelas conversas"

Teatro das Aras con "Un apartamento con vistas"

Teatro Escoitade con "Barullo"




OS DE FREIXO

LUNS, 22 XUÑO, 19:00 · SALA EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: Furafollas Teatro Procedencia: Galiza Público: Adulto
Presentación: 2023 Duración: 60'

Furafollas teatro (Doa saúde mental, Crpl Cangas) é unha compañía de teatro cómica amateur que emprega o teatro como ferramenta rehabilitadora no trastorno mental grave tratando, entre outras cousas, de desmitificar a enfermidade mental como tal e normalizar as vidas das persoas implicadas.

Pepe de Freixo, gran lerchán, finxe a súa morte en colaboración coa súa dona e a súa irmá para desaparecer da aldea e mudar cara a unha nova vida. Pero os plans trúncanse coa traición delas.



METAMORFOSE INVERSA E MOSTRA ETC

LUNS, 22 XUÑO, 20:15 · METAMORFOSE INVERSA: VESTÍBULO AUDITORIO

LUNS, 22 XUÑO, 21:00 · MOSTRA ETC: AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: ETC, Escola de Teatro De Cangas Procedencia: Galiza
Público: Todos os públicos

A ETC, espazo de formación teatral xestionado por Teatro de Ningures, é xa unha referencia teatral e cultural da comarca que ofrece á veciñanza unha opción formativa para achegarse ao teatro e enriquecerse como persoa, tanto individual como socialmente. Unha oferta pedagóxica de proximidade, capaz de xerar afección e novos públicos para esta arte. Neste curso ampliamos a oferta a dous obradoiros: ESCRITA TEATRAL impartido por Santiago Cortegoso e DIRECCIÓN TEATRAL impartido por Salvador del Río

20:15 · VESTÍBULO AUDITORIO: METAMORFOSE INVERSA

Acción do curso O corpo creativo, impartido por Maite Campos.

21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL CANGAS: MOSTRA ETC

Mostra do alumnado do Obradoiro de escrita e dirección teatral da ETC impartido por Santiago Cortegoso e Salvador del Río.

O alumnado enfrontouse á creación dun texto teatral e logo á súa posta en escena, dende a idea inicial, a análise e estudo previo, as personaxes, a escenografía, vestuario, espazo sonoro e lumínico e participando como intérpretes nos outros traballos, ata chegar ao momento da confrontación dos resultados co público.... Unha viaxe integral por todo o proceso de creación escénica, polo teatro, onde aínda é posible formar parte esencial e dar un punto de vista personal.

Participan: Alicia Bermúdez Martínez, Anton Abal Rúa, Belén Nogueira Bernárdez, Juan Luis Pérez Martínez, Luz Álvarez González, María Enríquez Barroso, Natalia Piñeiro Piñeiro, Paula Castro Lopez, Sara Nieto Gil, Xurxo Fernández Alonso

A TEMPESTADE

Presentado por
PROXECTO LUZAZUL

**AUDITORIO XOSÉ
MANUEL PAZOS**

Día 29 de xuño
20:00



A TEMPESTADE

LUNS, 29 XUÑO, 20:00 · SALA EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: LUZAZUL do Concello de Cangas Procedencia: Galiza
Público: Todos os públicos Duración: 45'

Luzazul é un proxecto promovido polo concello de Cangas no que participan persoas con diversidade física e intelectual. Laboratorio teatral onde se investigan diferentes propostas para sacar a luz todos os potenciais, cualidades, pensamentos, desexos, emocións e contribuir a coñecernos e que nos recoñezan. Un dos obxectivos principais é integrar ás persoas con diversidade funcional e intelectual na vida social e cultural a través do teatro. Inclusión, dinamización e visibilización.

Creación colectiva. O poder unido ao medo anula a creatividade, a risa, a música, a danza, as palabras. Queremos facer unha homenaxe ás persoas valentes que viaxan ao outro lado das fronteiras para recuperar con pequenos xestos a liberdade. A historia comeza cun texto da obra "A tempestade" de William Shakespeare, onde se provoca unha tormenta, dende un poder máxico, absurdo.



FROUMA E ÓPERA PÁNICA

LUNS, 29 XUÑO, 21:00 · FROUMA: VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL
LUNS, 29 XUÑO, 22:00 · ÓPERA PÁNICA: AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: ETC. Escola de Teatro de Cangas Procedencia: Galiza
Público: Adulto Presentación: 2026

A ETC é un espazo de referencia teatral e cultural da comarca que ofrece á veciñanza unha opción formativa para achegarse ao teatro e enriquecerse como persoas, tanto individual como socialmente. Unha oferta pedagóxica de proximidade, moi difícil de atopar nunha vila ou comarca, capaz de xerar afección e novos públicos para esta arte.

21:00 · VESTÍBULO AUDITORIO: FROUMA

Acción do Curso de interpretación, impartido por Casilda Alfaro.

22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL CANGAS: ÓPERA PÁNICA

Espectáculo do Obradoiro de Posta en Escena impartido por Fran Paredes.

A Ópera Pánica descende directamente dos diálogos de pallasos que Jodorowsky tivo a oportunidade de ver nos circos pobres no seu país natal, Chile, creando absurdas e longas intervencións que ían desde inocentes adiviñas con xogos de palabras –pasando por situacións absurdas– ata alcanzar un alto nivel poético e filosófico. Os personaxes da Ópera Pánica, como humildes pallasos e grotescos bufóns, desdeñan a viscosidade psicolóxica, e entran en colisión os uns cos outros, impenitentes autistas, sen cambiar de conduta nin un chisco. É posible que as nosas sociedades de consumo estean a producir masas de tales criaturas...

Elenco: Luz Álvarez González, Manuel Boubeta, Pawli Castro, Paula Costa González, Belén Nogueira Bernárdez, Natalia Piñeiro Piñeiro, Fernando Portela Doval, Silvia Portela Soage, M^a Carmen Suárez Sobrado, Carlos Zunzunegui
Espazo escénico, vestiario, atrezzo, iluminación: ETC
Máscaras: IES Johan Carballeira
Tratamento máscaras: Álex García Domínguez
Selección espazo sonoro: Fran Paredes (a partir de extractos de óperas clásicas)
Imaxe e fotografía: Diego Seixo

XXVI MULLERES EN ACCIÓN

VENRES, 05 XUÑO A DOMINGO, 05 DE XULLO · SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO

FÍOS E FLORES

EXPOSICIÓN, JULIA RODRÍGUEZ E SANDRA BASTÓN

MARTES, 16 XUÑO, 17:00 · SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

O AUTOCOIDADO DENDE O CORPO

OBRADOIRO PARA SOCIAS DE ADICAM

VENRES, 19 XUÑO, 19:30 · LIBRARÍA WELLS

MONOGRÁFICO JOSEFINA BLANCO TEJERINA

PRESENTACIÓN FORO GALICIA E VALLE-INCLÁN CON JOAQUÍN DEL VALLE-INCLÁN ALSINA

VENRES, 03 XULLO, 19:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL

SAÚDE, PRACER, REPÚBLICA E TERRA MALVA

PRESENTACIÓN UTE-PÍAS FEMINISTAS

VENRES, 03 XULLO, 19:30 · O ADRO TABERNA CULTURAL

LA FOSA ABIERTA

PRESENTACIÓN LIBRO, BRIGITTE VASALLO

VENRES, 03 XULLO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL


PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2026

A UTE-PÍAS FEMINISTAS

LUGAR E DATA POR DEFINIR

MMAA: 25 ANOS EN ACCIÓN

PRESENTACIÓN LIBRO, MULLERES EN ACCIÓN



MULLERES EN ACCIÓN

As mulleres en acción que nos acompañan nesta 26 edición contan con talentos moi diversos que enriquecen as nosas xornadas.


Sandra Bastón e Julia Rodríguez contan ás súas costas con décadas de investigación e recuperación de técnicas centenarias, a partir das que crean as súas pezas artísticas e artesanais cunha mirada propia e contemporánea que amosarán na exposición Fíos e Flores.

Josefina Blanco Tejerina, actriz a quen coñeceremos través dunha monografía sobre ela, escrita polo seu neto, Joaquín del Valle-Inclán Alsina, recuperando a biografía dunha muller pioneira e, como tantas outras, borrada da historia.

Brigitte Vasallo que, co seu pensamento, libros, performances e experiencia vains achegar a mundos pouco explorados ou mesmo ocultados, cuestionando a narrativa hexemónica sobre o progreso, o xénero e a historia, coa lucidez que a caracteriza.

A nosa colaboración coas mulleres de ADICAM continúa este ano cun curso de autocoidado que imparte a experta, Maite Campos.

Ute-pías Feministas, colectivo que recibe o Premio Mulleres en Acción 2026 pola súa iniciativa Saúde, pracer, república e terra malva, proxecto de investigación e memoria colectiva que rescata, preserva e difunde o legado da psiquiatra, educadora e feminista, Lola Ferreiro Díaz, unha muller extraordinaria, referente para os feminismos e inspiración para o conxunto das mulleres e da sociedade galega.



FÍOS E FLORES

VENRES, 05 XUÑO A DOMINGO, 05 DE XULLO · SALA EXPOSICIONS AUDITORIO

Tipo: Exposición, Julia Rodríguez e Sandra Bastón

Procedencia: Galiza

Dúas mulleres, dúas xeracións, dúas creadoras amosan a súa obra nunha exposición na que os fíos de Sandra Bastón e as flores de Julia Rodríguez conviven en ditosa harmonía. As súas pezas contan cun minucioso estudo da cor, das texturas, dos materiais, sexan flores, fibras naturais, liño, seda, lá ou algodón e están feitas respectando as técnicas tradicionais pero sen renunciar á innovación nos seus cadros, composicións, tecidos, complementos e roupa. Obras realizadas cunha rigorosa investigación e coas as da súa fértil imaxinación.

SANDRA BASTÓN. Tecedeira e delineante. Conta co selo Artesanía de Galicia. É unha das poucas tecedeiras profesionais recoñecidas pola institución. Introduciuse na artesanía téxtil despois de traballar no eido da delineación industrial e interiorismo. En 2013 monta o seu taller onde explora as distintas técnicas de tecido nun tear de baixo lizo. En 2022, xunto a un dos principais investigadores de tecido tradicional galego, Carlos Díaz, crea a marca Pal.lium para deseñar produtos innovadores, baseados no patrimonio téxtil de Galicia. Proxecto con repercusión estatal e internacional polo traballo realizado para o Museo Thyssen reinterpretando pezas da súa colección pictórica e, tamén, por deseñar produtos para o arquitecto David Chipperfield.

JULIA RODRÍGUEZ. Experta no prensado de flores é unha creadora autodidacta. Ninguén lle aprendeu, fíxoo do único xeito posible, creando o seu propio laboratorio, un taller no que experimentar e errar ata acadar a peza final. Leva máis de corenta anos de recolleita, nutríndose da flora autóctona de Galicia: orquídeas salvaxes, hortensias, camelias, cenoria brava, lirio amarelo... Prensa de xeito artesanal, non industrial, tampouco emprega tintes. Cunha depurada técnica crea pezas únicas, con volumen, abstractas ou realistas pero todas elas amosan o paso do tempo, mudan de cor e fican sempre vivas.



O AUTOCOIDADO DENDE O CORPO

MARTES, 16 XUÑO, 17:00 · SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

Con: María Teresa Campos Gómez

Procedencia: Galiza

Tipo: Obradoiro

Público: Socias de Adicam

Duración: 3 horas

María Teresa Campos Gómez é pedagoga, especialista en técnicas corporais. Actualmente codirixe o "Proxecto Luz azul" con persoas de diversidade funcional e un laboratorio de "Movemento inclusivo". Imparte obradoiros permanentes de "Creatividade Corporal" e "Movemento Consciente e Relaxación".

É un tempo para buscar a nosa harmonía e benestar, a nosa saúde física e mental. Recuperar a nosa enerxía vital e así a da nosa contorna. Buscaremos unha linguaxe consciente, dende a escoita que nos permita a expresión do ser, dos sentimentos, das emocións. Imaxinar, xogar, danzar.



MONOGRÁFICO JOSEFINA BLANCO TEJERINA

VENRES, 19 XUÑO, 19:30 · LIBRARÍA WELLS

Presenta: Foro Galicia e Valle-Inclán e Joaquín del Valle-Inclán Alsina

Procedencia: Galiza Tipo: Presentación Duración: 45'


Foro Galicia e Valle-Inclán, é un proxecto de interese integrador, xurdido do empeño pola democratización da investigación e do coñecemento arredor da biografía, a xenialidade e a obra literaria do escritor máis internacional de Galicia: Ramón María del Valle-Inclán. Ten a súa sede oficial no Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal.

Presentación dun novo número do boletín FORO GALICIA E VALLE-INCLÁN, publicación de Estudos sobre Ramón del Valle-Inclán, que dedica un monográfico á figura da actriz Josefina Blanco, sendo responsable da tradución ao galego Rocío Viéitez Ferro. Unha actividade que contará coa presenza do profesor e investigador Joaquín del Valle-Inclán Alsina.

Josefina Blanco foi unha actriz que ocupou un lugar destacado na escena teatral española de finais do XIX e comezos do XX. O nome de Josefina Blanco -como o de moitas mulleres na Historia- quedou difuminado polo éxito do que foi o seu marido, Ramón María del Valle-Inclán. Ela foi fundamental para que a obra de Valle-Inclán chegara ata os nosos días.

Unha muller avanzada e pioneira. Foi a primeira muller en divorciarse en España, nada máis aprobarse a lei no ano 1932, contando como avogada con Clara Campoamor.

Josefina Blanco volvería á vida teatral tras o seu divorcio, pero o seu regreso viuse truncado polo estalido da Guerra Civil.



SAÚDE, PRACER, REPÚBLICA E TERRA MALVA

VENRES, 03 XULLO, 19:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL

Con: Ute-pías Feministas
Tipo: Presentación

Procedencia: Galiza
Duración: 20'

UTE-pías Feministas é un colectivo formado polas entidades Atalaías, Arabías, Feitoría Verde, Illa Bufarda e a Librería Lila de Lilith, cuxo primeiro proxecto é a creación de narepublicamalva.gal, un espazo virtual que recolle a investigación arredor de Lola Ferreiro Díaz, referente na psiquiatría, na docencia, na recuperación da memoria e un pilar dos activismos feministas na Galiza.

Lola confrontou todo o que consideraba inxusto e loitou polos dereitos das mulleres. Acompañou a moitas persoas e institucións, creando unha rede de afectos con vínculos que continúan logo do seu pasamento.

Saúde, pracer, república e terra malva é un proxecto de investigación arredor de Lola Ferreiro Díaz, figura clave na psiquiatría, na educación, na recuperación da memoria e un dos paires fundamentais dos activismos feministas na Galiza. Loitou polos dereitos das mulleres e estableceu relacións de coidado e acompañamento a moitas persoas e institucións creando unha rede de afectos e vínculos que deixou gran pegada logo do seu pasamento.

O proxecto deriva na construción de narepublicamalva.gal, que é un espazo virtual recolle a investigación arredor de Lola Ferreiro Díaz, referente na psiquiatría, na docencia, na recuperación da memoria e un dos paires dos activismos feministas na Galiza.

LA FOSA ABIERTA

VENRES, 03 XULLO, 19:30 · O ADRO TABERNA CULTURAL

Presenta: Brigitte Vasallo
Tipo: Presentación libro

Procedencia: Catalunya - Galiza
Duración: 20'

Brigitte Vasallo é filla da diáspora galega. Orixinaria de Chandrexa de Queixa e nacida en Barcelona. Escritora, investigadora e docente, traballa sobre a construción da alteridade e sobre os procesos de destrución da vida labrega coa implantación da modernidade industrial na Europa do sur no século XX. Reivindica a súa identidade txarnega, publicou os textos en galego Tornarse existencia exuberante (publicado no Brasil), Ler a Butler dende Chandrexa de Queixa (edición colectiva O cento voando) e Galicia é un lugar extraordinario (no colectivo Galiza e o decolonialismo). Como dramaturga presentou Drama en tres lamentos e un par de actos, parte da Triloxía de Naxos, dirixida por Gena Baamonde e Un cos (possible) i lesbià, coa codirección de Alba Corral. Dirixiu o I Festival de Cultura Txarnega de Barcelona e o seu último libro, sobre a diáspora labrega, titúlase **La Fosa Abierta** (Anagrama, 2026).

Vasallo impugna neste libro dous silencios: o da historia familiar, imposto pola violencia de xénero, e o da historia política, imposto pola ditadura e a Transición. Unha memoria sen monumento que arrinca no lugar de orixe da súa familia, a serra de Chandrexa de Queixa, e expándese cara ás marxes da historia oficial. O seu eixo é o desmantelamento do campo precapitalista no sur de Europa coa chegada dos chamados milagres económicos dos anos cincuenta, e a identidade das mutantes descendentes daquela diáspora, orfas de sentido. A autora busca unha linguaxe que axunte dous mundos: o da tradición oral e o da literatura escrita, o da memoria individual e o da posibilidade do relato colectivo. A identidade txarnega, queer en si mesma e reapropiada, é o prisma desde o que se estrutura a análise que acaba por crear un espazo de enunciación propio. Desde esta posición de subalternidade, Vasallo constrúe un artefacto literario que non só recupera unha historia silenciada, senón que nomea o que foi sepultado para confrontar as narrativas hexemónicas sobre o progreso, o xénero e a historia.



PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2026

VENRES, 03 XULLO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

A UTE-pías Feministas

Procedencia: Galiza

UTE-pías Feministas é un colectivo formado polas entidades Atalaías, Arabías, Feitoría Verde, Illa Bufarda e a Librería Lila de Lilith, cuxo primeiro proxecto é a creación de narepublicamalva.gal, un espazo virtual que recolle a investigación arredor de Lola Ferreiro Díaz, referente na psiquiatría, na docencia, na recuperación da memoria e un pilar dos activismos feministas na Galiza. Lola confrontou todo o que consideraba inxusto e loitou polos dereitos das mulleres. Acompañou a moitas persoas e institucións, creando unha rede de afectos con vínculos que continúan logo do seu pasamento.

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2026 AO COLECTIVO, UTE-PÍAS FEMINISTAS, Por idear e levar adiante a iniciativa SAÚDE, PRACER, REPÚBLICA E TERRA MALVA, un complexo proxecto de investigación e memoria colectiva que ten como obxectivo rescatar, preservar e difundir o legado da psiquiatra, educadora e feminista, LOLA FERREIRO DÍAZ, cuxa traxectoria vital, intelectual, profesional e activista é referente para os feminismos e inspiración para o conxunto das mulleres e da sociedade galega.



MMAA: 25 AÑOS EN ACCIÓN

LUGAR E DATA POR DEFINIR

Presenta: Mulleres en Acción

Procedencia: Galiza

Tipo: Presentación libro

Autoría: Anna Figueiredo e Clara Castilla

Durante 25 edicións, as xornadas de Mulleres en Acción veñen reivindicando o papel das mulleres na arte, na cultura, na sociedade, na economía, na escena e na vida.

Este libro recolle as testemuñas das que foron e son protagonistas da revolta pacífica das mulleres no século XX, do cambio orixinado coa súa presenza activa na cultura e en todos os eidos da sociedade, así como a voz das premiadas por esta iniciativa pioneira en aplicar a paridade á súa programación, moito antes de que existisen as actuais leis, e que leva por bandeira a denuncia da marxinação, das inxustizas e as violencias cara as mulleres, na procura dos obxectivos establecidos polo feminismo: a transformación da comunidade desde a cultura, a acción social e o recoñecemento dos nosos dereitos en igualdade.

Este libro está coordinado pola escritora Anna Figueiredo e escrito por ela mesma e a xornalista Clara Castilla Freire.

Participan: Anna Figueiredo, Clara Castilla e María Armesto.

#EVENTOS

VENRES, 12 DE XUÑO A DOMINGO, 05 DE XULLO · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

40 ANOS EN NINGURES

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA, DIEGO SEIXO

MÉRCORES, 24 XUÑO E XOVES, 25 XUÑO, 17:00 · BIBLIOTECA PÚBLICA CENTRAL DE CANGAS

VISITAS FONDO TEATRAL MARÍA CASARES

FONDO TEATRAL MARÍA CASARES

MÉRCORES, 24 XUÑO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

PREGÓN INAUGURAL 43 MITCFC

NOEMÍ RODRÍGUEZ

DO 25 AO 28 DE XUÑO · CENTRO SOCIAL DE CANGAS

FAI O TEU

OBRADOIRO, NOEMÍ RODRÍGUEZ

SÁBADO, 27 XUÑO, 20:30 · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

ENFIANDO OS RETRINCOS DO CAMIÑO DE NINGURES, NAS PEGADAS DA MEMORIA

PERFORMANCE, TEATRO DE NINGURES

MÉRCORES, 01 XULLO, 19:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL

PRESENTACIÓN Nº 111 DA ERREGUETÉ | REVISTA GALEGA DE TEATRO

ERREGUETÉ | REVISTA GALEGA DE TEATRO

MÉRCORES, 01 XULLO, 19:30 · O ADRO TABERNA CULTURAL

CONVERSAS A PARTIR DO MESTRE: MANOLO LORENZO

BUTACA ZERO

XOVES, 02 XULLO, 16:30 · SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS

ENCONTRO TEATRO COMUNITARIO

COLOQUIO

LUGAR E DATA POR DEFINIR

2033 MÓSTRATEME: A MOSTRA TEN MEMORIA

PRESENTACIÓN, MITCFC

SÁBADO, 4 XULLO, 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL 2026

A ANTONIO DURÁN "MORRIS"



40 ANOS EN NINGURES

VENRES, 12 DE XUÑO A DOMINGO, 05 DE XULLO · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

Dende a súa fundación en 1986, Teatro de Ningures vive por e para o teatro, o teatro que quere facer, un teatro de actualidade, ambicioso, comprometido coa realidade e coa comunidade. A compañía, implicada co seu territorio, nútrese da fabulosa materia prima profesional e social do Morrazo, comarca tradicionalmente vencellada ao teatro, na que abundan artistas en todas as disciplinas: autoría, interpretación, espazo sonoro, escenografía e imaxe. Facemos teatro dende o próximo na procura do universal, así o demostran os máis de 30 espectáculos creados, producidos e distribuídos por toda Galiza e o resto do estado.

A nosa actividade creativa complétase cunha área pedagóxica e outra organizativa: a pedagóxica, dende 1999, a través das Aulas de Teatro da Universidade de Vigo e Pontevedra e, dende 2008, coa Escola de Teatro de Cangas. A organizativa a través da Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU), da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas (MITCFC) ademais da creación, organización e dirección do macroespectáculo teatral e musical, "A Defensa da Vila. María Soliña". Un labor íntimamente relacionado co Teatro Comunitario, un dos piares nos que se fundamenta a nosa principal razón de existir.

Celebramos estes corenta anos a través da mirada fotográfica de Diego Seixo, o noso espello desde 2001:

Licenciado en Belas Artes, Seixo é un artista multidisciplinar que desenvolve o seu traballo como deseñador gráfico e fotógrafo en máis de 70 producións teatrais, nalgunha delas encárgase tamén do deseño de espazo escénico (Ningures e Ibuprofeno Teatro). Como deseñador colabora con proxectos como Camiño Escena Norte, Escena Galega, MITEU, FIM ou a MITCFC, entre outros. Participa en proxectos editoriais, exposicións, comisariados, e ten experiencia como conferenciante e docente no ámbito das artes visuais, deseño gráfico e multimedia.

FONDO TEATRAL MARÍA CASARES

MÉRCORES 24 - XOVES 25 XUÑO, 17:00 · BIBLIOTECA CENTRAL DE CANGAS

O Fondo Teatral María Casares (FTMC), integrado na Biblioteca Pública Central de Cangas do Morrazo, é o resultado dun Convenio asinado en 1995 entre o Concello de Cangas, a Asociación Cultural Entre Bambalinas - editora da Erregueté- Revista galega de Teatro e a Compañía Teatro de Ningures. O FTMC conta actualmente con arredor dun millar de volumes e revistas que son unha base moi útil para todas as persoas interesadas polo feito teatral. Ven sendo un depósito especializado en teatro único en Galicia integrado nunha Biblioteca Pública Municipal. O nome quere ser unha homenaxe á actriz María Casares (A Coruña 1922- París 1996) quen aos 14 anos tivo que exiliarse en Francia debido ao golpe militar franquista de 1936. Era filla de Gloria Pérez e Santiago Casares Quiroga, ministro e xefe de goberno da II República.

Visitas guiadas ao Fondo Teatral María Casares os días 24 o 25 de xuño ás 17.00 h. na Biblioteca Pública Central de Cangas.



PREGÓN INAUGURAL 43 MITCFC

MÉRCORES, 24 XUÑO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Directora de escena, dramaturga, intérprete, pedagoga e asesora de procesos creativos. Premio Ojo Crítico de Teatro 2019 pola súa traxectoria en Teatro En Vilo, Noemí Rodríguez está considerada unha das creadoras máis interesantes do panorama teatral contemporáneo.

Formouse na ESAD de Galicia e posteriormente realizou un Máster en Artes Escénicas na Universidade de Vigo e un curso de posgrao na London International School of Performing Arts grazas ao Programa de Bolsas no Estranxeiro da Fundación Barrié de la Maza.

Noemi desenvolveu as distintas facetas do seu traballo en países como Francia, Portugal, España, Inglaterra, Estados Unidos, Turquía e India.

Impartiu obradoiros de dramaturxia, storytelling, creación teatral, teatro xestual, creación colectiva e improvisación en institucións públicas e privadas de Francia, Italia, Chipre, Reino Unido, India e España, tanto a profesionais das artes escénicas como a nenos, adultos e colectivos en risco de exclusión social. Foi coordinadora do Club de Lectura do Centro Dramático Nacional (23/24) e profesora especialista da Real Escola Superior de Arte Dramática (24/25). E desde 2019 imparte obradoiros de creación e teatro para a Fundación "la Caixa".

Como directora de escena e dramaturga traballou en numerosas institucións de prestixio. Entre as súas obras destacan "Blast", "La Distancia" e "Man Up", producidas polo Centro Dramático Nacional; "Terceiro Acto", producida polo Centro Dramático Galego; e as multipremiadas "Interrupted", "Generación Why" e "Hoy Puede Ser Mi Gran Noche", producidas por Teatro En Vilo. Tamén dirixiu e escribiu "Malena, llena eres de gracia", "Locxs de Amor" (Art For Change La Caixa), "Miss Mara, quien se reserva no es artista" (Circo Price) e "Escenarios de Chamberí", en colaboración co Teatro de la Abadía. En 2022 encárgase do guión e da dirección da gala polo 30 aniversario da Muestra de Autores de Teatro Contemporáneo de España, así como da XXII Gala dos Premios Mestre Mateo.



FAI O TEU. OBRADOIRO

DO 25 AO 28 DE XUÑO · CENTRO SOCIAL DE CANGAS

Obradoiro organizado en colaboración coa Asociación de Actrices e Actores de Galicia (AAAG), dirixido a actrices, actores, directoras-es, dramaturgas-os e estudantes de artes escénicas sobre o propio proceso de creación. A partir do que nos conmociona, obsesiona, revitaliza, aterra ou nos produce un pracer profundo —temas, imaxes, lembranzas, conceptos, preguntas, historias, referentes, etc.—buscaremos localizar aquilo que inspira e forma parte esencial do universo creativo único de cada participante para descubrir a nosa poética, buscando liberar aquilo que está querendo nacer e ser contado.

Directora, dramaturga, intérprete, pedagoga e asesora de procesos creativos. Premio Ojo Crítico de Teatro 2019 pola súa traxectoria en Teatro En Vilo, está considerada unha das creadoras máis interesantes do panorama teatral contemporáneo. Formada na ESAD de Galicia. Máster en Artes Escénicas (Universidade de Vigo). Curso de posgrao na London International School of Performing Arts. Impartiu obradoiros de dramaturxia, storytelling, creación teatral, teatro xestual, creación colectiva e improvisación en institucións públicas e privadas de Francia, Italia, Chipre, Reino Unido, India e España para profesionais das artes escénicas, infancia, adultos e colectivos en risco de exclusión social. Coordinadora do Club de Lectura do Centro Dramático Nacional (23/24) e profesora especialista da Real Escola Superior de Arte Dramática (24/25). Como directora e dramaturga traballou en numerosas institucións de prestixio, destacando "Blast", "La Distancia" e "Man Up" do Centro Dramático Nacional; "Terceiro Acto" do Centro Dramático Galego; e as multipremiadas "Interrupted", "Generación Why" e "Hoy Puede Ser Mi Gran Noche", de Teatro En Vilo. Dirixiu e escribiu "Malena, llena eres de gracia", "Locxs de Amor" (Art For Change La Caixa), "Miss Mara, quien se reserva no es artista" (Circo Price) e "Escenarios de Chamberí", en colaboración co Teatro de la Abadía.




ENFIANDO OS RETRINCOS DO CAMIÑO DE NINGURES, NAS PEGADAS DA MEMORIA

SÁBADO, 27 XUÑO, 20:30 · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

Dende a súa fundación en 1986, Teatro de Ningures vive por e para o teatro, o teatro que quere facer, un teatro de actualidade, ambicioso, comprometido coa realidade e coa comunidade. A compañía, implicada co seu territorio, nótrese da fabulosa materia prima profesional e social do Morrazo, comarca tradicionalmente vencellada ao teatro, na que abundan artistas en todas as disciplinas: autoría, interpretación, espazo sonoro, escenografía e imaxe. Facemos teatro dende o próximo na procura do universal, así o demostran os máis de 30 espectáculos creados, producidos e distribuídos por toda Galicia e o resto do estado.

A nosa actividade creativa complétase cunha área pedagóxica e outra organizativa: a pedagóxica, dende 1999, a través das Aulas de Teatro da Universidade de Vigo e Pontevedra e, dende 2008, coa Escola de Teatro de Cangas. A organizativa a través da Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU), da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas (MITCFC) ademais da creación, organización e dirección do macroespectáculo teatral e musical, "A Defensa da Vila. María Soliña". Un labor intimamente relacionado co Teatro Comunitario, un dos piares nos que se fundamenta a nosa principal razón de existir.

Celebramos estes corenta anos coa performance "Enfiando os retrincos do camiño de Ningures, nas pegadas da memoria" interpretada polas actrices Casilda Alfaro, Pepa Barreiro e Sonia Rúa.



PRESENTACIÓN Nº 111 DA ERREGUETÉ REVISTA GALEGA DE TEATRO

MÉRCORES, 01 XULLO, 19:00 · O ADRO TABERNA CULTURAL

Presenta: erregueté | Revista Galega de Teatro
Tipo: Presentación

Procedencia: Galiza

Duración: 30'

A erregueté | Revista Galega de Teatro é unha publicación pioneira creada no ano 1983 especializada en artes escénicas. Publica dous números en papel a toda cor dúas veces ao ano, con contidos exclusivos, e conta tamén cunha edición dixital no portal erreguete.gal. Ademais, edita unha colección de libros de dramaturxia contemporánea.

No acto presentaranse o número 111 da revista en papel e os últimos libros editados. Conducirá o encontro Ana Abad de Larriva, subdirectora da erregueté.

CONVERSAS A PARTIR DO MESTRE: MANOLO LORENZO

MÉRCORES, 01 XULLO, 19:30 · O ADRO TABERNA CULTURAL

Organiza: Butaca Zero

Procedencia: Galiza

Duración: 60'

Con motivo da próxima estrea da MONTAXE-HOMENAXE de A velada de Londres, de Manuel Lourenzo, por parte da compañía ButacaZero, esta organizará diversas xornadas de pensamento, nas que compartir reflexións a partir do seu legado, tanto no campo da literatura dramática -sendo o primeiro Premio Nacional da nosa terra- como no da práctica, docencia e teoría teatral. E non só, pois, como é ben sabido, é un dos mellores e máis respectados actores do noso audiovisual.

A primeira destas xornadas terá lugar no marco incomparable da MITCFC, e nela pretendemos provocar pensamento, apuntar lembranzas sobre a súa figura, recordar a súa humanidade, práctica e técnica a partir de profesionais da zona que traballaron con el.

Intervenien:

MARIÁN BAÑOBRE: Actriz e Directora. Foi alumna de Manolo Lourenzo no Estudio Casahamlet e debutou con él no ano 1999 como actriz profesional.

MÓNICA CAMAÑO: Actriz. Foi alumna de Manolo Lourenzo e traballou como actriz en varias montaxes dirixidas por el.

ANTÓN LAMAPEREIRA: Profesor. Director de Teatro Amador. Cofundador con Manolo Lourenzo da Escola Dramática Galega.

XABIER CASTIÑEIRAS: Director e Profesor na ESAD de Galicia.

Moderadora CRISTINA DOMINGUEZ: Directora e Profesora na ESAD de Galicia. Foi axudante de dirección de Manolo Lourenzo en varias montaxes.



ENCONTRO TEATRO COMUNITARIO

XOVES, 02 XULLO, 16:30 · SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS

O Teatro debe asumir un compromiso coa sociedade e coa comunidade na que está inserido para reflexionar con ela e para ela. Así, o Teatro Comunitario, unha forma teatral realizada por e para a comunidade, estimula a participación activa de quen a integra, fortalecendo vínculos, promovendo a reflexión social, o enriquecemento do sector e a creación de novos públicos. O obxectivo deste encontro é analizar as diversas maneiras de Teatro Comunitario que se están a facer en Galicia.

Moderadora Rosa E. Gantes, escritora, actriz, directora e dramaturga. Dirixe o grupo amador, afincado en Cangas, Teatro das Aras.

A COMUNIDADE PERMANENTE, Alberte Alonso, director e dramaturgo. Mestrado en Artes Escénicas. Doutorado en Estudos Literarios. Cofunda Teatro Permanente coa vontade de constituir unha comunidade interesada nas artes vivas para restaurar mecanismos comunitarios que aporten cohesión e noción de pertenza, de territorio.

O TEATRO COMUNITARIO SO PODE SER FEMINISTA, Irene Moreira, directora, docente e investigadora. Cofundadora da Sala Ingrávida. Dirixe a compañía, 'Xerpo'. Doutorouse coa tese 'O proceso teatral no teatro comunitario', área que investiga. É parte do colectivo galego-andaluz, A Volátil.

TEATRO COMUNITARIO, UNHA PRÁCTICA DE FUTURO, Xesús Ron, actor, dramaturgo, director e activista cultural. Intégrase no grupo Chêvere en 1988, participando en todos os seus proxectos coa creación de textos, interpretación, dirección e produción artística e escénica.

A MEMORIA EN ESCENA. RECUPERAR O TEATRO PARA CONTAR O PASADO E O PRESENTE DUNHA COMUNIDADE, Paula Carballeira, dramaturga, actriz, narradora oral e directora. Publicou máis de corenta obras de narrativa, teatro, poesía e ensaio. Forma parte da compañía Berrobambán. Premio Nacional de Literatura Dramática 2023.

MARÍA SOLIÑA, ENTRE A HISTORIA E A LENDA, Casilda Alfaro, actriz e produtora. Cofunda Teatro de Ningures en 1986 participando en todas as producións. Tamén traballou en Contraproducións, CDG, Teatro do Atlántico, Teatro do Morcego, no cine e en series de televisión.

TEATRO COMUNITARIO PARA MOVER OS MARCOS, Cris Iglesias, actriz e artista multidisciplinar recoñecida en teatro, cinema e televisión. Directora do proxecto de teatro comunitario con perspectiva de xénero 'Os marcos movémolos nós' para mulleres do rural.

2033 MÓSTRATEME: A MOSTRA TEN MEMORIA

2033 MÓSTRATEME: A MOSTRA TEN MEMORIA

LUGAR E DATA POR DEFINIR

En 2033 a MITCFC cumprirá cincuenta anos e, en 2025, a oito anos vista, iniciamos un proxecto de recordo e documentación da súa historia creando un espazo propio de memoria coa marca MóstraTeMe, con accións e contidos específicos.

Recollida documental, busca, identificación e dixitalización de documentos relativos á celebración da MITCFC dende a súa posta en marcha. Documentos fundacionais, en mans das persoas fundadoras ou de outras que foron participantes dende a súa primeira edición (actrices, actores, compañías, produtoras, equipos técnicos, artistas visuais...)

Testemuñas vivas. Unha parte xa iniciada do proxecto consiste en documentar en vídeo as testemuñas das fundadoras e de outras persoas que participaron ao longo dos anos, colaboraron e impulsaron a súa consolidación como un referente cultural en Galicia.

De aquí a 2033, MóstraTeMe será un contido máis da súa programación, unha ventá aberta ao pasado para dar a coñecer a súa longa e relevante historia.



PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL 2026

SÁBADO, 04 XULLO, 22:00 - AUDITORIO MUNICIPAL

A Antonio Durán "Morris" en recoñecemento á súa fecunda traxectoria profesional. Actor de creatividade excepcional para interpretar personaxes complexos ou populares: "Woyzeck" de Buchner; "Falstaff" de Shakespeare; "O enfermo imaxinario" de Molière; Salvador Allende, Carl Smith ou Queipo de Llano en "Shock 1", "Shock 2" e "1936" de Andrés Lima; o inesquecible "Milhomes" na "Esmorga" de Ignacio Vilar; Charlín en "Fariña"; o escuro maltratador en "Princesas" de Fernando León ou en "Celda 211" e "Canallas" de Daniel Monzón; "Pielas" e "La Piedad" de Eduardo Casanova, conmovendo ao público máis diverso. Impulsor e cofundador en 1978 de ARTELLO e a Sala Carral, imprescindibles na modernización do teatro galego, Antonio Durán "Morris" destaca, tamén, polo compromiso inquebrantable, a nivel persoal e como presidente da AAAG, en prol da consolidación do sistema teatral galego e na loita polos dereitos laborais de actrices e actores. Morris é un referente indiscutible das artes escénicas e audiovisuais galegas e estatais.

Antonio Durán "Morris" nace en Vigo, no popular barrio de Teis. Dos xogos cos amigos do barrio xorde a mutación do seu fermoso apelido materno, Moreiras, que pasa a converterse en Morris, alcume que utilizará como nome de guerra no seu activismo político iniciado no IES da Guía. É neste instituto onde vai descubrir, case a un tempo, a política, a cultura e a si

mesmo. Descubre a súa facilidade como orador, capaz de transmitir e conectar coa xente nos seus mitins como líder estudantil, unha sorte de monólogos que o conectan axiña co teatro.

Moito antes do éxito televisivo, acada gran popularidade cos espectáculos de Artello: "Picnic", "Celtas sin filtro" ou a mítica "Batea". No CDG protagoniza "Woyzeck" de Büchner; "Gulliver F.M." de Reixa; "O enfermo imaxinario" de Molière; "As alegres casadas" de Shakespeare ou "Calígula" de Camus. Foi tamén coprotagonista en "O florido pensil", "O crédito", "A leituga", "Shock I e II" e "1936". Traballou nos primeiros e anovadores programas da TVG: "O mellor" de Manuel Rivas; "A ver que vai ser isto" de Chichi Campos; "Servizo de urxencias" de Suso de Toro e, posteriormente, para diferentes plataformas.



TAQUILLA





www.mostrateatrocangas.gal

43 MITCFC

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS



ORGANIZAN



PATROCINAN

